

arela
asociación cultural

.19

festival de cans



17 A 21 DE MAIO
CANS O PORRIÑO 2022
XIX EDICIÓN

DOSIER DE PRENSA

● PATROCINADORES

Patrocinan



Concello do Porriño



con la financiación del GOBIERNO DE ESPAÑA



Apoian



Apadríñan



Colaboradoran



Medios



Festival asociado a



• ÍNDICE

| | |
|------------------------|----|
| Primeiro a seguridade. | 6 |
| Homenaxes... | 7 |
| Premios.... | 10 |
| Xurados..... | 12 |

Seccion Oficial

| | |
|-------------------------|----|
| Ficción e Animación. | 16 |
| Furacáns (Non Ficción). | 20 |
| Novas Camadas. | 24 |
| Videoclips. | 28 |

Música. 29

| | |
|-------------------------------|----|
| Apertura do Festival de Cans. | 35 |
|-------------------------------|----|

| | |
|--------------------------------|----|
| Longametraxes. Outras estreas. | 36 |
|--------------------------------|----|

Encontros

| | |
|--|----|
| Joao Nicolau. | 39 |
| Sinais furtivos. Curtas de Margarita Ledo. | 42 |
| Coloquio na Leira con Daniel Monzón. | 43 |
| Coloquios AISGE. | 44 |
| Café con Crea. | 45 |
| Mesa de distribución. | 46 |
| Lendo Cine. | 47 |
| A que andas. | 48 |

| | |
|--------------------------|----|
| Fillas e fillos de Cans. | 49 |
|--------------------------|----|

| | |
|-------------------|----|
| Correspondencias. | 50 |
|-------------------|----|


| | |
|-----------|----|
| Minicans. | 51 |
|-----------|----|

| | |
|-------------------|----|
| Emocións en Cans. | 53 |
|-------------------|----|

| | |
|-----------------|----|
| Cans participa. | 57 |
|-----------------|----|

| | |
|--------------|----|
| Exposicións. | 59 |
|--------------|----|





Primeiro, a seguridade

A Covid-19 segue entre nós, e debemos manter unha serie de pautas de comportamento polo ben común.

Colabora ao máximo coa organización para que as actividades se poidan celebrar ordenadamente. Por favor, segue as recomendación en todo momento.

Máscara. Os espazos das proxeccións son privados, de veciños que nos ceden os seus galpóns de traballo para o festival, pero que viven na aldea todo o ano. Por respecto a eles e á súa xenerosidade pedímosche que uses a máscara durante as proxeccións.

Capacidade. Conforme á normativa vixente, todos os espazos do festival teñen unha capacidade máxima, que a organización sinalará claramente para que non haxa confusións nin se produzan aglomeracións.

Acceso ás actividades de balde. Acceso ás actividades de balde. O acceso será libre ata completar cabida. Cando un espazo estea cheo, só se poderá entrar se outras persoas deixan o seu asento.

Orde nos accesos. Segue sempre con orde as instrucións da organización nos accesos ás actividades.

Disponibilidade de xel hidroalcolico. Para cada actividade, a organización porá a disposición do público xel hidroalcolico, de uso opcional.

Fumar. Só nas áreas habilitadas.

A organización resérvase o dereito a establecer calquera outra medida de seguridade de acordo coa evolución da pandemia.

Grazas por colaborar. Colabora con nós, por favor: custou moito chegar ata aquí. Fagámolo todas e todos ben.

Homenaxes

Premio Pedigree' 22

Margarita Ledo Andión

O Festival de Cans outorga o seu máximo galardón á cineasta, escritora e investigadora Margarita Ledo por unha obra caracterizada pola defensa da lingua, a visibilidade das mulleres anónimas e a intención de reconstruír a identidade dun país rescatando a memoria borrada.

Directora de catro longamentraxes ata o de agora, co seu último filme, *Nación* (2020), acadou varios recoñecementos como o Premio á mellor dirección de película española no prestigioso Festival de Cine Europeo de Sevilla, o Mestre Mateo ao mellor documental e resultou preseleccionada para os Premios Goya da Academia de Cine español.

Antes deste filme, Margarita Ledo dirixiu *Santa Liberdade* (2004), no que recupera a memoria do secuestro do buque homónimo, organizado por vintecatro antifascistas



galegos e portugueses para denunciar as ditaduras de Franco e Salazar; *Liste, pronunciado Lister* (2007), a modo de biografía anticlásica do líder comunista galego; e *A cicatriz branca* (2012), no que explora a figura da muller galega exiliada na Arxentina.

A súa é unha das obras máis transversais do cinema galego. Investigadora en xéneros audiovisuais, é tamén autora dunha extensa obra escrita.

Chimpíns de Prata ‘Pepe Puime’ Federico Pérez Rey

Actor, guionista e monologuista, **Federico Pérez Rey** é un dos actores máis populares de Galicia. Participou en filmes como *Mar Adentro*, de Alejandro Amenábar; *18 comidas*, de Jorge Coira; *Os fenómenos*, de Alfonso Zarauza; ou, máis recentemente, *Cuñados*, de Toño López. Fede é un dos rostros asiduos de Cans, onde ao longo dos anos ten colaborado en coloquios, presentacións de películas e galas e entregas de premios. Polo seu traballo como actor e a súa disposición a colaborar sempre con nós, o Festival decidiu outorgarlle este Chimpín de Prata.



Javier Tolentino

Referente do xornalismo cultural e, sobre todo, da información cinematográfica. Durante dúas décadas dirixiu e conduciu *El séptimo vicio*, en Radio 3, de RNE, máximo referente da información do cinema español e espazo no que sempre se prestaba especial atención ás periferias e ao pequeno cinema independente. Tolentino foi o primeiro periodista cultural de fóra de Galicia que puxo a Cans, xa desde as primeiras edicións, no mapa cinematográfico. En 2018 realizou tres memorables programas en directo desde o Baixo de Moncho, que lle deron outra dimensión ao noso festival. Por esa impagable labor de difusión, Javier recibirá este ano o Chimpín de Prata Pepe Puime.



Chimpíns de Prata 'Premio Divina Campos' Marisol Troncoso e Alfonso González

Marisol e Alfonso son os propietarios do Baixo de Alfonso, un dos espazos fixos na proxección das curtas a concurso desde hai varias edicións. Pola súa calidade humana e disposición permanente a colaborar co festival, mesmo nos momentos difíciles da pandemia da COVID, Marisol e Fonso suman os seus nomes aos doutros veciños e veciñas xa homenaxeados no popular Muro dos Chimpíns.



Premios

SECCIÓN OFICIAL. COMPETICIÓN.

10.200 € en premios.

Premio do xurado
á Mellor Curtametraxe de ficción e
animación.
2000 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
á Mellor Curtametraxe de non ficción.
'Furacáns':
1200 € e Can de Pedra.

Premio Deleite do xurado
á Mellor Curtametraxe.
'Novas Camadas'.
500 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
ao Mellor Guión.
300 € e Can de Pedra.

Premio do xurado á Mellor
Realización.
300 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
ao Mellor Actor.
300 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
á Mellor Actriz.
300 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
á Mellor Dirección de Fotografía.
300 €, Can de Pedra e Vale de RC SER-
VICE de 1000 € intercambiables por
material de rodaxe.

Premio do xurado
á Mellor Banda Sonora Orixinal
300 € e Can de Pedra.

Premio do xurado dos veciños
á Mellor Curtametraxe.
300 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
ao Mellor Videoclip.
500 € e Can de Pedra.

Premio do xurado
ao Mellor Booktrailer:
400 €.

Premio do Festival de Cans
ao Mellor Booktrailer:
300 €.

Premio do público
ao Mellor Booktrailer:
200 €.

Xurados

FICCIÓN / ANIMACIÓN


PEPE COIRA, guionista e produtor. Experimentado guionista, Pepe Coira ten creado numerosas series de televisión, desde *Mareas vivas* a outras máis recentes, como a aplaudida *Hierro* (2019) ou *Rapa* (2021). Ademais, escribiu e dirixiu longametraxes documentais como *Beiras. Vivir 2 veces*, estreada no Festival de Cans 2021. Coira é un dos profesionais máis respectados no audiovisual de Galicia, ao que tamén sempre estivo vencellado desde as institucións, caso do CGAI, do que foi director.



MÓNICA LÓPEZ, actriz. Formada en Barcelona no Institut del Teatre, Mónica López ten unha longa traxectoria como actriz en teatro, televisión e cine. Traballou en filmes de directores como Cesc Gay, Juan Carlos Fresnadillo ou Rodrigo Sorogoyen, e foi unha das protagonistas da serie *Hierro*, de Jorge Coira e agora de *Rapa*, tamén de Coira, que se estrea o 19 de maio simultaneamente con Cans.




CHECHU SALGADO, actor. Debutou na serie *Serramoura*, da TVG, e coñeceu a popularidade polo seu papel na serie *Fariña* (2018). Na pantalla grande protagonizou a superproducción de Daniel Monzón *Las leyes de la frontera*. Por este papel, no que deu vida a Zarco, gañou este ano o Premio Goya ao Actor Revelación



11

MARTA GÓMEZ, xornalista especializada en Cultura. Redactora durante unha década en *Planeta cine*, da TVG, desde 2018 dirixe o programa cultural diario *ZigZag*, da mesma canle, e colabora tamén en revistas de cine e música. Desde os medios públicos, aposta sempre por dar visibilidade a artistas galegos emerxentes.



MIGUEL ÁNGEL DELGADO, artista visual e cineasta. Docente de cinema no master da escola SUR do Círculo de Belas Artes de Madrid, Delgado é colaborador do programa *Cinema en Curs* e socio fundador de Morelli Producciones. Os seus proxectos mostráronse en diversos espazos como Tabacalera (Madrid), 143 Delicias Centro de Arte Dos de Mayo, ou o Festival Márgenes. Prepara o filme *San Simón*, producido pola produtora galega Miramemira



Xurados

FURACÁNS + NOVAS CAMADAS




JOSÉ MANUEL SANDE, historiador e crítico cinematográfico, programador da Filmoteca de Galicia. Conta cunha extensa traxectoria como xestor cultural e divulgador, integrando a comisión de axudas selectivas do ICAA. No eido fílmico, contribuíu á investigación do documental *50 años en el andamio* (Ángel Rueda, 2008) e foi guionista e coprodutor da longametraxe *Arraianos* (Eloy Enciso, 2012). Escribe en *Caimán. Cuadernos de Cine* e na revista *Luzes*, da que é membro fundador, xunto co blog especializado *Acto de Primavera*.

12



JAVIER TOLENTINO, cineasta e xornalista. director e produtor. Xornalista radiofónico cunha traxectoria de máis de trinta anos ligada aos micrófonos de Radio Nacional de España, á fronte durante case dúas décadas do mítico programa especializado en cine de autor, *El séptimo vicio*, en RNE3. En 2020, Tolentino deu o salto á dirección cinematográfica con *Un blues para Teherán*, película rodada en Irán, estreada no Festival Internacional de Cine de Moscú e finalista dos Premios Goya.




ANA ESTÉVEZ, directora da MICE. A viguesa Ana Estévez é directora da MICE, a Mostra Internacional de Cinema Etnográfico de Santiago de Compostela, un espazo de difusión e encontro entre o cinema e as ciencias sociais. Museóloga e historiadora, é responsable da área de Educación e Acción Cultural do Museo do Pobo Galego. Tamén ocupa o cargo de vicepresidenta de Proxecta, a coordinadora galega de festivais de cine.

Xurados

VIDEOCLIPS

PEÓN KURTZ, cantante e DJ. Histórico membro da banda *Def Con Dos*, da que foi fundador e na que estivo durante case tres décadas. O vigués Peón Kurtz traballa como Dj en varios clubs madrileños como la Sala Barco o Siroco, e colabora con varias discográficas.



CARLOS CRESPO, xornalista cultural. Carlos ten unha traxectoria de 25 anos no ámbito da cultura. Colaborador do suplemento cultural *Fugas*, de *La Voz de Galicia*. Ten tamén desenvolvido o seu traballo en Radio Nacional de España e Europa Press. É o creador do podcast semanal *Os Plans de Códax* e do ciclo *Os Camiños das Músicas Galegas*. No 2021 formou parte dos xurados dos premios da Música Martín Códax e do premio Narf.



13

OLGA OSORIO, realizadora. Olga é profesora de realización na EIS de A Coruña e de montaxe na Facultade de Comunicación da mesma cidade. Ten dirixido curtametraxes con multitude de premios como *ReStart* ou *Einsten-Rosen*, mais tamén é unha realizadora recoñecida no ámbito do videoclip. Os seus clips *Garden 's Road* de Escuchando Elefantes ou *Buscando a Superfama* de Herdeiros da Crus, tiveron numerosos premios internacionais, recibiron ambos o Mestre Mateo ó mellor clip e, no caso do primeiro, gañou tamén o Can de Pedra en Cans.



Xurados

XURADO DAS VECIÑAS E DOS VECIÑOS



14

Feliciano Pérez, "Felix do Painzal"

Ten 68 anos e naceu no Barrio do Painzal, está xubilado da industria da madeira.

Yohana Solla

Ten 39 anos e vive no Barrio da Graña. É traballadora da empresa Frigolouro.

Antonio Oya, "Tonio de Sánchez"

Ten 70 anos e traballou como taxista aínda que agora está retirado. Vive no Barrio de Eidos.

Senén Táboas

Senén é colaborador do festival desde pequeno, no que foi guía dos camiños. Ten 19 anos, vive na Graña e estudia un ciclo superior de Medio Ambiente.

Alfira Alfonso, "Alfi"

Ten 74 anos, e traballou durante tres décadas como limpiadora do Círculo Recreativo. Vive nos Eidos do Medio.



MARISOL e ALFONSO

VECIÑOS DE CANS

A RESISTENCIA NUNCA DEIXA A NINGUÉN ATRÁS



RESISTENCIA
DESDE 1906

Sección Oficial

FICCIÓN E ANIMACIÓN. BLOQUE 1.

Baixo de Bugarín, Baixo de Moncho, Baixo de Alfonso e Cuberto de Chelo.
Sábado 21. 10 e 13.30 h. | 16.30 e 20.30 h.


LA ENTREGA

2022 | 24' | España | Castelán | Estrea absoluta.

Dirección: Pedro Díaz **Producción:** Pedro Díaz, Pablo Zorrilla, Carlos Guerrero, Fran Carballal, Felipe Salas **Produtora:** Bosalay Films **Guión:** Fran Carballal e Pedro Díaz **Fotografía:** Luis Guijarro **Montaxe:** Juan Manuel Gamazo **Son:** Ismael Calvo **Música:** Alberto Torres **Intérpretes:** Ramón Barea, Ferrán Villajosana, Ana Del Arco, Laura Galán, Mila Pérez **Xénero:** Ficción

Vai de: Armando ten 80 anos. Un trauma impídelle saír da casa desde hai unha década. O seu único contacto co exterior é a través do *rider* que lle leva os pedidos que lle manda o fillo desde o estranxeiro. Un día Armando recibe algo que provocará a reaparición de vellos fantasmas, medos e recordos que afrontar.

O detalle: Pedro Díaz regresa a Cans despois do seu éxito en 2013 con *Mal de Sangue*, premio á mellor interpretación masculina (Carlos Blanco) e feminina (Helena Miquel).



REACTION

2022 | 3'01" | España | Castelán | Estrea absoluta

Dirección, guión, montaxe e animación: David Fidalgo **Xénero:** Animación

Vai de: Empregando a linguaxe dos *memes*, *Reaction* mostra as reaccións de distintas mascotas ante imaxes tiradas dos medios de comunicación. Fidalgo advirte a espectador da perda do foco de atención e do como o suxeito pasa a un segundo plano e a información chégalle filtrada por outro individuo: ao espectador do espectador.

O detalle: David Fidalgo é un clásico da competición oficial de Cans. En 2020 foi finalista do Goya á mellor curta de animación con *Homomaquia*, estreada no noso festival.



O NIÑO DOS PAXAROS

2021 | 16' | España | Galego.

Dirección e produción: Lucía Estévez **Guión:** Lucía Estévez, Manu Estévez **Fotografía:** Ariadna Cordal, Dani Cornes **Montaxe:** Lucía Estévez, Brandán Cerviño **Son:** Sara Fernández, Xavier Souto **Música:** Xavier Bértolo **Reparto:** Manuel Estévez Reinosa, Manu Estévez, Diego Anido, María Tasende **Xénero:** Drama documental.

Vai de: Os gorrións fan un sitio entre a maquinaria, nos tubos de escape, nos motores abertos ou nos asentos dos coches do terceiro andar. Cando senten abrir o gran portal a primeira hora da mañá, voan rápido para entrar. Hoxe o taller é un lugar seguro para eles, o mesmo que o foi para o pai a autora nos anos 80.

O detalle: A curta estivo na competición oficial na última edición do FIC Xixón.





SYCORAX

2021 | 15' | España | Galego

Dirección e guión: Lois Patiño e Matías Piñeiro **Produción:** Belí Martínez (Filmika Galaika), **Rodrigo Areias (Bando à parte)** **Fotografía:** Mauro Herce **Son:** Pedro Marinho **Montaxe:** Jorge Jácome **Reparto:** Agustina Muñoz, Diana Diéguez, Susana Abreu **Xénero:** Ficción.

Vai de: Quen é Sycorax? O primeiro personaxe en pisar a illa de A tempestade, de William Shakespeare. Pero o problema na obra é que Sycorax non ten voz, apenas mencionada por Próspero como unha bruxa mala, vella e encurvada, que encerrou vilmente a Ariel, o espírito do aire, nunha árbore.

O detalle: Este filme estreouse na Quincena de realizadores da última edición de Cannes e exhibiuse tamén no TIFF de Toronto.



SAUERDOGS

2022 | 15' | España | Galego | Estrea en Galicia.

Dirección e montaxe: Guillermo de Oliveira **Produción:** Luisa Cowell, Guillermo de Oliveira **Produtora:** Zapruder Pictures **Guión:** Guillermo de Oliveira, Héctor Rojo **Fotografía:** Carlos de Miguel **Arte:** Ysrael Sanchez **Son:** Javier Duch **Música:** Zeltia Montes **Reparto:** August Diehl, Jonathan D. Mellor **Xénero:** Ficción.

Vai de: O inverno adiantouse. Bill e Hans, dous fracasados buscadores de ouro nunha maltreita zorra de cans, tentan regresar a casa. A través dun inhóspito val nevado, exhaustos e coas mans baleiras, a súa marxe para o erro esgotouse. Cando un dos cans non pode continuar, os cimentos da súa lealdade empezan a fender.

O detalle: A música do filme foi composta por Zeltia Montes, que este ano gañou tamén o Goya a mellor banda sonora por *El Buen Patrón*, de Fernando León de Aranoa.



XINECEO

2022 | 16' | España | Galego | Estrea absoluta.

Dirección, guión e montaxe: Laura Coteló **Producción e fotografía:** Álvaro Bernabeu **Son:** David Lagares, Lucas Pardo **Música:** Fernando Rouco **Reparto:** Aldara García e Iván Vila **Xénero:** Ficción

Vai de: Historia íntima e emocional que nos fai viaxar polo desenvolvemento emocional de dous preadolescentes. Durante un recreo no colexio, días antes da excursión de fin de curso, Abel bica a Uxía, que non sabe como reaccionar e fuxe. Malia querer esquecelo, algo esperta dentro dela, pero non se atreve a falar con Abel e evítalo. Máis adiante Uxía e Abel reconcílianse.

O detalle: Prometedor debú da cineasta Laura Coteló.

Sección Oficial

FICCIÓN E ANIMACIÓN. BLOQUE 2.

Baixo de Bugarín, Baixo de Moncho, Baixo de Alfonso e Cuberto de Chelo.

Sábado 21 | 10 e 13.30 h. | 16.30 e 20.30 h.

NIDO

2021 | 15' | España | Galego | Estrea en Galicia.



Dirección e guión: Alejandro Rodríguez **Producción:** Jorge Mosquera e Marta Tafalla **Produtoras:** TAI Arts **Fotografía:** Pablo García **Son:** Dani Peña, Julia Catalán e Berni Pastor **Música:** Jalil Majul **Montaxe:** José Manuel Pola e Facorro **Reparto:** Melania Cruz, Alejandro Jato e Xoan Fórneas **Xénero:** Ficción.

Vai de: Logo de deixar a cidade e tras varios anos sen verse, Mar chega inesperadamente á casa do seu irmán Roi. A natureza e as súas raíces intentarán curar a falta de contacto entre os dous.
O detalle: Alejandro Rodríguez é un cineasta de Tomiño, ao que coñecemos en Cans por terse forxado na sección "Novas Camadas" de cineastas máis novos

ROMPENTE

2022 | 25' | España | Galego | Estrea en Galicia.



Dirección e guión: Eloy Domínguez Serén **Producción executiva:** Felipe Lage Coro **Fotografía:** Diego Romero Suárez-Llanos **Edición:** Sara Fernández **Montaxe:** Cristóbal Fernández, Eloy Domínguez **Son:** Emilio García **Dirección de arte:** Melania Freire **Reparto:** Sergio Valeirón, Soraya Luaces, Vicente Mohedano **Xénero:** Ficción.

Vai de: Santi é un pai adolescente que vive nunha pequena vila costeira. De día traballa nas bateas e polas noites anda ao marisco de furtivo. Mentres a súa moza Lucía asume en soidade o coidado do bebé de ambos, Santi, ausente e afogado pola responsabilidade, busca refuxio e redención no mar.
O detalle: Eloy Domínguez, outro dos habituais de Cans, vén de recibir con Rompenete o premio á mellor curtametraxe no Festival de Málaga.

EFECTO CARACOLA

2021 | 7' | España | Galego | Estrea absoluta.



Dirección, guión, produción, montaxe e fotografía: Paula Calviño, Alba Otero e María Jácome **Autor BSO:** María Jácome e Sergio Rodríguez **Xénero:** Animación

Vai de: Ara é unha rapaza inmersa nun ciclo de traballo asfixiante. Mentres se dá un baño relaxante para desconectar, transpórtase a un mundo onírico, rompendo con aquela rutina
O detalle: As directoras recibiron con esta curta o premio ao mellor traballo Fin de Grao de temática galega da Universidade da Coruña.


ASÍ VENDRÁ LA NOCHE

2021 | 13' 20" | España | Castelán | Estrea en Galicia..

Dirección: Ángel Santos **Producción executiva:** Andrea Vázquez e Analía G. Alonso **Produtora:** Miramemira **Guión:** Pablo García Canga e Ángel Santos **Fotografía:** Iván Castiñeiras **Son:** Xavier Souto **Montaxe:** Marcos Flórez **Reparto:** Violeta Gil e Denis Gómez **Xénero:** Ficción, drama.

Vai de: Ao vir a noite, Andrea grava unha mensaxe para Pablo, ao que non ve desde hai meses, a xeito de carta longa ou de noveliña do século XXI.

O detalle: Despois do seu paso pola longametraxe, Ángel Santos volve á curta con este filme que pasou polo FIC Xixón.



DEVORADORA DE NENOS

2022 | 14' 54" | España | Galego | Estrea absoluta.

Dirección e montaxe: Fran X. Rodríguez **Producción:** Martiño Vázquez, Sara Vázquez, Isabel Baño e Aniceto Vázquez **Guión:** Marcos Nine **Fotografía:** Ledi Bellón **Son:** Xavi Souto **BSO:** Manu Riveiro **Reparto:** Santi Prego, Sergio Pazos, Xaquín Domínguez, Iago Rodríguez, Luka Corcostegui e Martina Vázquez. **Xénero:** Ficción

Vai de: Ton sempre soñou con viaxar ao espazo. Porén, un accidente deixa nel unha marca que o acompañará toda a vida, pero que non lle impedirá construír unha nave espacial, a vía de escape que tanto tempo estivo buscando.

O detalle: Fran X. Rodríguez é un vello coñecido de Cans, onde en 2016 levou o Can de Pedra á mellor curtametraxe por *Ladrones de tempo*, e en 2019 o Premio do Público con *O neno bonito*.



DÚAS CORES

2022 | 14' 25" | España | Galego e castelán | Estrea absoluta.

Dirección e guión: Cris Yáñez **Producción:** Paula Iglesias **Produtora:** Loba Films **Montaxe:** Adán Cordeiro **Fotografía:** María Arias **Son:** David Lomba **Banda Sonora:** Andrés Álvarez **Reparto:** Claudia Basallo, Xira Rodríguez, Mela Casal e Melania Cruz **Xénero:** Ficción.

Vai de: Cris, unha nena de oito anos, espera con ansia a chegada do verán para ver de novo á súa mellor amiga Laura, quen só visita a aldea durante as vacacións. As dúas rapazas aproveitan a súa imaxinación e creatividade para vivir aventuras e discorrer xogos.

O detalle: Formada na canteira da Universidade de Vigo, a Cris Yáñez vímolá medrar nas nosas Novas Camadas, por onde pasou en anteriores edicións.



Sección Oficial

FURACANS. Bloque 1.

Casa de Mari | Casa do Carreira
Sábado 21 | 10.00 h e 13.30 h | 17.00 h e 20.30 h

NOCHE DE 2202

2021 | 4' 48" | España | Muda | Estrea absoluta.

Dirección, producción, guión, fotografía, montaxe e música: David Outón
Reparto: Daniel Méndez Cruces.

Vai de: O fenómeno da cidade de noite. Os paxaros voaban describindo ondas no vento.

O detalle: David Outón é un arquitecto de Portonovo con vocación de cineasta que estrea obra por segundo ano consecutivo na sección de Furacáns.



20


EL VIAJE, 1988

2021 | 6' | España | Francés | Subtítulos en castelán

Dirección, producción, montaxe e son: Claudia Pineda **Guión:** Claudia Pineda, inspirado na novela *Los errantes*, de Olga Tokarczuk **Fotografía:** Mónica Mesquida **BSO:** Randy Lee King **Reparto:** Sara Ouallam (voz en off).

Vai de: Reflexión sobre a viaxe a través de imaxes atopadas pola autora nun vello baúl, gravadas pola súa avoa en China un ano antes da masacre de Tiananmén. Unha meditación que se volve diálogo interxeracional, un ensaio persoal de metraje encontrado que reconstrúe e reinterpreta esas imaxes a través da mirada dunha cineasta nova.

O detalle: Esta curta, realizada para unha materia da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, levou a Claudia ao Short Film Corner do Festival de Cannes.




TATUADO NOS OLLOS LEVAMOS O POUZO

2022 | 25' 58" | España | Galego

Dirección, guión, fotografía, producción e montaxe: Diana Toucedo **Son:** Oriol Gallart **Animación:** Mariona Doménech **Música:** BFlecha

Vai de: As mariscadoras de Cesante, á beira da Illa de San Simón, afánanse cada día de marea por sementar e coidar o seu espazo de traballo. En simbiose, a conciencia colectiva e os afectos emerxen dos seus corpos, dos seus xestos e das súas palabras.

O detalle: O filme foi estreado en abril no prestixioso Festival Visions du Réel de Nyon (Suiza).



UNA SOLA NACIÓN

2020 | 11' 25" | Colombia | Castelán | **Estrea absoluta**



Dirección, produción, guión, fotografía, montaxe e son: Silvia Muiña
Música: Alca e Creys **Reparto:** Alca e Creys.

Vai de: Unha historia de amizade, migración e música. Alca e Creys, venezolanos, coñecéronse cantando rapa nos autobuses de Barranquilla, Colombia. Desde entón, uniron o seu talento e recuperaron repertorio propio sobre Venezuela para compoñer un canción, *Una sola nación*, que fala de todo o bo do seu país; porque, como din, para falar do malo xa están os noticiarios.

O detalle: Silvia é unha xornalista especializada en temas de migracións, discapacidade e dereitos humanos. *Una sola nación* é unha historia impactante sobre un rapeiro ao que lle faltan as dúas pernas.

O QUE QUEDA

2022 | 9' | España | Galego



Dirección, guión e voz en off: Alejandro Rodríguez **Produción:** Julia Aranda **Fotografía:** Fran Lozano e Alejandro Rodríguez **Montaxe:** Ainhoa Cruz **Reparto:** Basilio Rodríguez, Remedios Diéguez, Ana Campos.

Vai de: A través da galería dun teléfono móbil reflexiónase acerca das relacións entre a memoria e o arquivo dixital que imos xerando diariamente.

O detalle: Alejandro propón unha variante do cinema sen cámara, nesta peza documental realizada como fin de Master.

SEN TÍTULO

2022 | 5' 53" | España | Galego | **Estrea en Galicia**



Dirección: Aldara Pagán. Unha peza de Aldara Pagán en colaboración con Adrián Canoura.

Vai de: Quero crear pero non consigo crear. Teño que crear, crear, crear, crear. Experimentar. Crear. Son muller. Son muller cineasta. Con 23 anos son nova ou vella? Toda nova creación ten que ser mellor que a anterior.

O detalle: A súa curta *O que precede a caída é branco* acadou o premio do xurado de veciñas e veciños no Festival de Cans 2019.

Sección Oficial

FURACANS. Bloque 2.


NÓS-OUTROS

2021 | 12' | España | Galego e portugués | Estrea absoluta

Dirección, produción, guión, fotografía, montaxe e son: Lucía Alonso **Reparto:** Narracións de Samuel Merino, Álex Sobrino, Irene Moreira, Inês Queiroz, Luis Rocha e Camila Moreira.

Vai de: Dous pobos divididos por un río que nunca tivo a vocación de fronteira.

O detalle: É o debut de Lucía Alonso, formada como cineasta en Brasil e en Lisboa.




ANATOMÍA DUNHA SEREA

2022 | 14' 55'' | España | Galego | Estrea absoluta.

Dirección, guión e fotografía: Adriana Páramo **Produción:** Annabelle L. Mullen **Montaxe:** Hugo Alves **Animación:** Borja Santomé **Son:** Soundtroop **Música:** David Santana Cabrera **Reparto:** Iria Pinheiro.

Vai de: Tras recibir un trato desapropiado no hospital e sufrir as consecuencias dunha episiotomía que se lle practicou sen o seu consentimento durante o parto, a actriz Iria Pinheiro comeza un trámite xudicial contra o SERGAS, pero, desanimada fronte ao complexo e custoso proceso legal, refúxase no teatro como medio de denuncia.

O detalle: Adriana Páramo partiu para realizar esta curta da peza de teatro documental construída sobre a memoria e a traumática experiencia persoal da actriz Iria Pinheiro como muller, como nai e como vítima da violencia obstétrica.



GALICE, GALICE

2021 | 8' 37'' | España | Galego

Dirección, produción, guión, fotografía e montaxe: Yasmina Farhani.

Vai de: Esta obra é unha viaxe, un percorrido polo imaxinario galego colectivo, polas sonoridades que compoñen as nosas rutinas. Propón mergullarse no pensamento mentres te deixas envolver polos sons que conforman a banda sonora da nosa cotiandade: a radio, a choiva, cambiar de marcha... Cada tempo ten unha musicalidade; esta é a nosa.

O detalle: Formada na facultade de Belas Artes de Pontevedra, Yasmina amosa neste filme unha sentida achega á nosa cultura.





AURA

2021 | 3' 39" | España | Galego | Estrea en Galicia

Dirección, fotografía, montaxe e reparto: Also Sisters (Sonia e Miriam Albert-Sobriño) **Producción:** Chelo Loureiro **Guión:** Also Sisters, con poemas de Rosalía de Castro **Voz en off:** Bárbara Grandío **Estudio son:** Fronda Galega de Sonido **Música orixinal:** Elisabet Curbelo.

Vai de: Ao límite da súa propia execución, unha Terra case derrotada é testemuña desvalida das atroces accións dos seus habitantes máis ingratos. Esta obra experimental de ficción busca comunicar, emocional, visual e oralmente, o impacto negativo que os comportamentos humanos teñen na Terra e na contorna natural.

O detalle: As cineastas galegas establecidas en Utah mesturan a poesía de Rosalía de Castro, coa súa persoal visión estética dun planeta maltratado pola humanidade.

A CINQUITO, CON DERECHO A TOCAR

2021 | 14' 23" | España | Castelán | Estrea en absoluta.



Dirección, produción, guión e montaxe: Nucbeade (Andrea Beade e Quiela Nuc) **Fotografía:** Nucbeade e Jorge Suárez-Quiñones Rivas **Deseño de son:** Clara Alonso **Son directo:** Pablo Teijón **Reparto:** Luis Lechosa, Jorge Núñez de la Visitación, Marce García, Arancha Rodríguez, Sofía Nieto, Victoria Rosa Flórez-Estrada e Luis Cabanas Ortiz.

Vai de: días previos ás festas patronais, traballadores de distintos sectores elaboran algúns dos elementos que formarán parte das barracas de "fenómenos humanos" da tempada.

O detalle: Andrea e Quiela poñen o foco na beleza de antigos oficios artesanais ao servizo dun cruel espectáculo que ata hai ben pouco era habitual nas feiras e nas festas da moitas localidades.

SOMOS?

2021 | 5' 39" | España | Galego e castelán | Estrea absoluta.

Dirección, produción, guión, montaxe, son, fotografía e reparto: Antía Encisa **Voz en off:** Antía Encisa e Aroa Espiño **Música:** Arca e Jesse Kanda.

Vai de: Este vídeoensaio reflexiona sobre os límites entre a identidade individual e colectiva, a nosa autoconstrución e cuestións de xénero.

O detalle: Prometedor debut de Antía Encisa, realizadora saída da fornada da Facultade de Belas Artes de Pontevedra.



Sección Oficial

NOVAS CAMADAS.

Baixo de Carlos
Mércores 18 | 18.30 h

A MOZA DA BUFANDA VERMELLA (contra a xente de dentes brancos)
2021 | 22' 12'' | España | Galego e castelán | Estrea absoluta

Dirección, guión e montaxe: Martín Caínzos **Produción:** Laura Pazienza **Fotografía:** Subash Trufero e Martín Caínzos **Son:** Javier Pérez Gomara **Música:** Fer Rouco e Javier Waterproof **Reparto:** Kexin Chen, Marta Doviro, Alex Caeiro, Pedro Brandariz, Margot R. Alvarado, Xavier Veiras, Martín Espantoso, Guocheng Zhu, Jose Cadaveira, Zhiyi Liu, Lorena Yang, Dezhen Xu, Ruo Lin, Rubén Cabanas, Mingyu Yao, Yiru Chen, Yiwen Cai, Nannan Tong **Xénero:** Ficción

Vai de: Unha muller chinesa é interrogada na comisaría dunha pequena vila de Galicia. Seica estivo envolta nunha espiral de violencia. A historia que está a contar fará que os inspectores dubiden entre o que é real e o que non. **O detalle:** Esta curta é a obra póstuma do actor Pedro Brandariz, falecido recentemente



24

MIRADAS

2021 | 9'19'' | España | Castelán e inglés | Estrea absoluta

Dirección, guión, produción, fotografía e montaxe: Sandra Gutiérrez **Música:** Debussy, Zbigniew Preisner, Placebo **Reparto:** Eduardo Gutiérrez Cerviño, María Isabel Aldao López, Lucia Gutiérrez Aldao, Jessica Barral Gorrita, Sofía Fontenla Iglesias, Sandra Gutiérrez Aldao.

Vai de: Videodiario realizado durante o confinamento que reflexiona sobre o sentimento de soidade e as relacións interpersoais. Como a nosa propia identidade se esvae coas doutras persoas, esquecéndonos de quen somos. **O detalle:** A directora, Sandra Gutiérrez formouse na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.



AS PÉTALAS MURMURAN

2021 | 26' 40'' | España | Galego e castelán | Estrea absoluta

Dirección, produción, fotografía e montaxe: Arantxa Ramos **Son:** Alexandre Táboas **Reparto:** Raquel Iglesias, Carmiña Outeiral, Iluminada Lillo, Lola Piñol, Gladys Sánchez, Susana María Ponte, Ida Hoekema, Magdalena Izquierdo, Rosa Gladys Armesto, Nerea Santiago, Andrea Carballeira, Laura Álvarez, María Alejandra Toledo **Xénero:** Documental

Vai de: Os testemuños de mulleres de tres xeracións relatan a pegada dos procesos migratorios na súa identidade. A memoria transforma as lembranzas e a mirada da mocidade presenta, novamente, as inxedanzas dunha Galicia cíclica. **O detalle:** Curta que xorde como traballo na Facultade de Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela.





WELCOME TO GARDENLAND

2021 | 7' | España | Castelán | Estrea absoluta

Dirección, guión e son: Aarón Pérez Pardiñas **Produción:** Aarón Pérez e Alberto Santiagosa **Animación:** David Pérez Plaza, Fernando González e Aarón Pérez **Montaxe:** Alberto Santiagosa **Xénero:** Animación.

Vai de: Nun mundo onde as plantas ocuparon o lugar dos humanos, a familia Jefferson está a piques de vivir un día de tolos. *Welcome to Gardenland* conta unha historia divertida, na que cada un dos membros da familia enfrontarase a comprometidas situacións nesa xornada tan catastrófica.

O detalle: O novísimo Aarón Pérez Pardiñas entra por segundo ano na competición de Novas Camadas, demostrando que é unha das grandes promesas da animación en Galicia.



RESPIRAR

2022 | 7' 45'' | España | Galego | Estrea absoluta

Dirección, guión, montaxe e son: Miriam Bello e Miriam Canicoba **Produtora:** Aturuxo Films - IES de Cacheiras **Fotografía:** Miriam Bello e Andrés Couso **Reparto:** Noelia Míguez **Xénero:** Documental

Vai de: Un testemuño valente e xeneroso sobre a violencia machista.

O detalle: Un testemuño impactante dunha protagonista valente sobre un caso extremo de malos tratos.



A CASA DOS AVÓS

2022 | 1' 41'' | España | Castelán | Estrea absoluta

Dirección, produción, guión, fotografía e montaxe: Candela Conde **Xénero:** Documental.

Vai de: A través de imaxes experimentais, a autora percorre os espazos da casa que construíron os seus bisavós hai 80 anos.

O detalle: Candela Conde formouse na facultade de Belas Artes de Pontevedra.

EL ASESINATO DE R. SÁNCHEZ POR EL COBARDE DE HEIDI CHESTER
2021 | 6' | España | Castelán | Estrea absoluta.

Dirección e montaxe: Gabriel Rey **Produtora:** Escada Filmes **Guión:** Heidi Chester e Orscon Dreyes **Fotografía:** Marco Antonio Otero **Son:** Samuel Lago **Música:** Gabriel Rey **Reparto:** Javier Aparicio, Rubén Sánchez, Juan Rivera, Anxo Rojo **Xénero:** Ficción.

Vai de: A desaparición dun fardo de cocaína pon en xogo a amizade entre dous rapaces.

O detalle: Prometedor debut do realizador Gabriel Rey, que se formou como cineasta en Madrid.



MAMÁ, PAPÁ, POR QUÉ?

2021 | 12' 32'' | España | Galego | Estrea absoluta.

Dirección, produción, guión, montaxe, son e fotografía: Lucía González **Reparto:** Amparo Fernández García, Josefa García, Abelino Martínez, Montserrat Martínez **Xénero:** Documental

Vai de: O filme narra a vida de Amparo Fernández García, unha muller, nai e filla, que, malia quedar no país natal, sufriu os estragos da emigración.

O detalle: Unha curta demoledora sobre a emigración galega a Europa, que provocou tantos casos traumáticos de separacións de familiares.





Sección Oficial

NOITE LASAL DOS VIDEOCLIPS

Xoves 19 | 22 h. | Praza do Concello

DURACIÓN TOTAL SESIÓN DE VIDEOCLIPS: 62 MINUTOS.

Na noite Lasal Cocinas proxectaranse os 15 clips finalistas dos presentados a concurso. Ao remate celebrárase o concerto de **Sila Lua**.

MARCO MARIL

Romance de la luna

Dirixe: Iria Vázquez.

Dura: 5 min. 10 seg.

CALDO

Acorro

Dirixe: Montse

Piñeiro.

Dura: 3 min. 07 seg.

BLANCO PALAMERA

Pelear

Dirixe: Adrián Canoura.

Dura: 4 min. 10 seg.

MOMBOI

Teresiña

Dirixe: Rafael de Ramón.

Dura: 3 min.

XURXO FERNANDES

Levaino!

Dirixe: Xaime Miranda.

Dura: 7 min.

NASTASIA ZÜRCHER

Lord, I'm alive!

Dirixe: Jairo Moreno.

Dura: 5 min. 57 seg.

QUECO LAGO

Mírame

Dirixe: Carlos Calvar.

Dura: 4 min. 58 seg.

CARLOS ORDÓÑEZ

Retortoiro

Dirixe: Juan Lesta

Dura: 3 min. 25 seg.

CASTRO

Mi mejor momento

Dirixe: Javi Camino.

Dura: 3 min. 30 seg.

XERPO

Misma moneda

Dirixe: Gabriel Cronauer.

Dura: 3 min. 10 seg.

DOEN

Nerea

Dirixe: Xoán Tourís.

Dura: 4 min. 22 seg.

RHEIA GORECKI

Breathe

Dirixe: Yolanda Ataraxia e Lucas

Terceiro.

Dura: 4 min. 10 seg.

SHEILA PATRICIA

A moura

Dirixe: Aitor Ramos.

Dura: 3 min. 39 seg.

FAMILIA CAAMAGNO

Xuntos

Dirixe: Xaime Miranda.

Dura: 3 min. 31 seg.

VERTO

Todo o que che din

Dirixe: Alba Domínguez.

Dura: 3 min. 50 seg.

Noite d@s veciñ@s

Mércores 18 | 21.30 h. | Torreiro de Cans

Capacidade: 500 persoas. DE BALDE

Acordecáns, as Pandereiteiras de Cans e as cantareiras Fonteliño pónenlle música á noite máxica das veciñas e veciños da aldea. Viviremos a estrea do videoclip "O Estraperlo" das cantareiras Fonteliño, dirixido por Fefi Senlle.

Noite Lasal Clips con Sila Lua

Xoves 19 | 23.30 h. | Praza do Concello do Porriño

Capacidade: 1.000 persoas. DE BALDE

A viguesa Sila Lua xoga coa música urbana en español e a electrónica experimental anglosaxoa. Establecida entre Londres e Madrid, leva publicando música desde 2017. Un dos seus últimos discos sinxelos está inspirado en Rosalía de Castro e aporta dous temas banda sonora da cuarta temporada da serie *Élite*. Este ano publicará o seu álbum de debut.



Concerto de Juan Zelada

Venres, 20 | 20.00 h. | Torreiro de Cans

Capacidade: 500 persoas. DE BALDE

Criado nun ambiente de músicos e bolseiro no Liverpool Institute for Performing Artists, Zelada recibiu de mans de Paul McCartney o recoñecemento á mellor composición da súa promoción. Logo de crear unha banda coa que xirou por multitude de locais en Londres, chegou a ser abreconcertos de Amy Winehouse, proba do seu éxito no circuío de directos. Traballou, entre outros artistas, con Bebe ou Carlos Jean e o seu último disco *Be Somebody* (2017) destila composicións clásicas de soul, blues e funk, combinando diferentes estilos.



Venres 20 | 23.30 h. Espazo Estrella Galicia da Leira do Río.
Actuación da Noite das homenaxes: de balde. Capacidade: 1.300 persoas.

Amparanoia



Amparanoia cumpre 25 anos de carreira como pioneira da mestizaxe de estilos, presentando o seu novo disco *Himnopsis colectiva* (Mamita Records, 2021).

Logo de revolucionar o panorama musical en 1997 con *El Poder de Machín* e de consolidarse con álbums como *La vida te da* (2005) e o *Bye Bye Tour* (2008), Amparanoia trío convidan a bailar e espertar a golpe de cumbia rebaixada, western, rock hipnótico fronteirizo, reggae caribeño, pop progresivo, electrónica, latín e ritmos urbanos.

• MÚSICA

THE INCREDIBLE PEÓN KURTZ DJ

Venres, 20 | 01.00 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río
Sesión disco-chimpín.



Cantante, membro fundador de DEF CON DOS e veterano DJ con máis de 25 anos aos pratos, adestrado para todo tipo de guerrillas, este francotirador de beats chega a Cans para dispor a súa ampla gama armamentista (rock, punk, funk, hip hop e electro) e metrallar a Leira do Río con hits de todo calibre.

CALDO

Sábado, 21 | 13.45 h. | Torreiro de Cans
Sesión vermú Nordesía. Capacidade: 500 persoas.




María Jorge (violín), Anaïs Barbier (voz e pandeireta) e Pedro Fariñas (guitarra e gaita) forman Caldo, un trío que se estableceu no Valmiñor e que achega a música tradicional a contextos sonoros

contemporáneos a través da experimentación cos instrumentos. Presentan unha proposta na que integran melodías tradicionais galegas e composicións propias con influencias das músicas europeas e atlánticas, unha fusión natural que vai directa ao sentimento do público. Mellor proxecto de música folk nos Premios Martín Códax da Música 2020 e gañadores do concurso Fran Pérez 'Narf' 2020, preparan o seu segundo disco, formado por melodías instrumentais orixinais e por pezas con voz aprendidas do repertorio da tradición oral galega.

ASTROGIRL

Sábado, 21 | 23.30 h. | Torreiro de Cans
Concerto Meigas Fóra. Capacidade: 500 persoas.

Astrogirl é María Jesús Cabana, artista coruñesa que comezou a súa aventura musical en 2014. O segundo premio no certame Outra+outra de 2017 levouna por primeira vez ao estudo para gravar o EP *Cosmos Inside* (2018), ao que seguiron os elepés *TORO* (2018) e *Portales* (2021). En 2018, xa con banda, quedou semifinalista no concurso Proxecto Demo de Radio 3, e tocou no Festival Noroeste EG e no Festival da Luz, ademais de en salas como a Capitol (Compostela) ou a Mardi Gras e o Baba Bar (A Coruña). Polo seu contido emocional, as de Astrogirl son cancións que no deixan indiferente, interpretadas cunha voz a medio camiño entre a fragilidade e a contundencia, sempre impregnada de sensibilidade e de matices.





Dakidarría

33

Sábado 21 | 00.00 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río
De balde. Capacidade: 1.300 persoas

Dakidarría celebra no Festival de Cans a súa maioría de idade. Esta banda histórica é referente da música contestataria galega polas súas mensaxes de loita e rebeldía. Tras 18 anos nos escenarios, veñen de editar o seu sexto disco de estudo, *Colaxe* (2022).

Cunha formación á que se incorporaron novos membros, volveron a estrada este ano para descargar, alí onde van, a emoción, a enerxía e a adrenalina habituais nos seus concertos. Dakidarría ten unha relación especial co noso festival, ao que chegou a primeira vez para ofrecer no Torreiro de Cans, nun formato acústico e case que de taberna, unha actuación que aínda se recorda.

• MÚSICA

Los Vinagres

Sábado 21 | 19 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río
Capacidade: 1300 persoas.

Abel (voz e guitarra), Rober (batería) e Sergio (baixista) son Los Vinagres, unha banda de rock volcánico que engalou en 2015 coa publicación do seu sinxelo *Aquí no hay playa*, dous temas de pura enerxía aos que seguiron os elepés *Los volcanes* (Warner, 2018) e *Buen clima* (Warner, 2020). Nos seus directos, de alto voltaxe, repasan no escenario con mestría as súas principais influencias, desde Santana a Black Keys, pasando por Mars Volta ou Led Zeppelin.



Eme DJ

Sábado 21 | 01.30 h. | Espazo Estrella Galicia
da Leira do Río
Capacidade: 1300 persoas.

Marta Fierro, Eme DJ, é unha das máis recoñecidas DJ da escena indie-disco-pop e das principais pistas de baile de toda España. Leva 15 anos en activo como picadiscos profesional, nunha carreira que supera as mil actuacións, e foi residente en salas tan importantes como Low Club, Coppelia, Café La Palma ou Costello Club. Elixida como a mellor DJ nacional por *Rockdelux* varios anos (2010, 2011 e 2014), moveu os pratos en festivais como o FIB Benicásim, Sónar, MTV Europe Music Awards ou Arenal Sound, entre outros moitos. *Giant* (2013), *Swim* (2014), *Ready for Summer* (2015) e *Flying Deer* (2016) son algúns dos discos que recollen o seu material de estudio. Tamén traballou como formadora, impartiu charlas, deu clases de materias como animación musical, preparación de sesións de VDJ ou psicoloxía da pista, e publicou os libros *Mamá quiero ser DJ* (Lee/me Libros, 2015) e *Cómo ser DJ. El manual* (Bala Perdida Editorial, 2021).

. AUDIOVISUAL E MÚSICA

Retrospectiva audiovisual de JAVI ÁLVAREZ, FLUZO

Sábado 21 | 17 h. | Cuberto de Mucha do Peso Espazo Rei Centolo

Retrospectiva audiovisual + Concerto

Capacidade: 100 persoas | Prezo: 5 €

Javi Alvarez, creador multidisciplinar, chega a Cans para mostrarnos moita da súa obra, en parte inédita, de videoclips a curtametraxes, pasando por pezas próximas á videocreación. Máis coñecido por ser unha das metades do grupo Fluzo, Javi Álvarez é un interesantísimo creador visual sobre o que Festival de Cans quere poñer o foco nesta edición.

Performance musical de JAVI ÁLVAREZ, FLUZO

Aquí había un videoclip

Ao remate da retrospectiva | Invernadoiro

O músico compostelán Javi Álvarez, é tamén un alquimista dos sons e as imaxes. Esta peza que presenta no Festival de Cans é a primeira montaxe dun traballo no que leva a traballar 12 anos, cunha banda sonora composta para a ocasión. Picadiscos de renome na escena contracultural barcelonesa, amante da fotografía e o audiovisual, presenta este metraxe en exclusiva que máis tarde formará parte dunha peli. Unha orixinal performance musical creada a partir de sintetizadores e unha variedade de sons que camiñan entre a electrónica e a música experimental.

LITUS: el documental. La historia de un cantante de pub, de Óscar Vilanova

Sábado 21 | 20 h. | Cuberto de Mucha do Peso Espazo Rei Centolo

Documental + Actuación

Capacidade: 100 persoas | Prezo: 5 €

Coa presenza de Litus, protagonista e Óscar Vilanova, director.

2022 | 30'52" | España | Castelán | Documental musical

Litus Ruiz, o líder da banda do programa *Late Motiv*, é o protagonista de *La historia de un cantante de pub*, un documental de 30 minutos dirixido por Óscar Vilanova que narra a carreira do músico de Terrassa, popular grazas ao programa presentado por Andreu Buenafuente. Como fío condutor do documental, ligáronse máis de vinte entrevistas personais a xornalistas —Santiago Alcanda, Arancha Moren—, amizades e artistas célebres —Coque Malla, Leonor Watling— e compañeiros, como Pablo Novoa, que nos ofrecen as súas experiencias con Litus e como evolucionou a súa carreira.

Actuación LITUS E PABLO NOVOA

Ao remate do documental | Invernadoiro

Os compañeiros de banda en *Late Motiv*, Litus Ruiz e o vigués Pablo Novoa, xúntanse en Cans para ofrecernos unha actuación de boas versións. Cancións que lles prestan ós dous músicos: desde Sting ata Los Amaya, sen esquecer nunca a The Beatles.

Apertura do Festival de Cans

Rapa

Xoves 19 | 20.30 h.
Círculo Recreativo Cultural do Porriño
Capacidade: 250 persoas

Entrada de balde.

COA PRESENZA DE PEPE COIRA, FRAN ARAÚJO,
ALFONSO BLANCO, MÓNICA LÓPEZ, LUCÍA
VEIGA, EVA FERNÁNDEZ. RICARDO DE BARREIRO
E MABEL RIVERA.



2022 | Episodio 1 | 50 minutos | España | Castelán | Estrea

Producción executiva: Domingo Corral, Alfonso Blanco, Susana Herreras.

Guión: Pepe Coira e Fran Araújo.

Dirección: Jorge Coira, Elena Trapé.

Dirección de produción: Ana Míguez.

Dirección de fotografía: José Luis Berna.

Dirección de arte: Marc Pou.

Montaxe: Gaspar Broullón e Óscar Pardo.

BSO: Xavi Font.

Reperto: Javier Cámara, Mónica López, Lucía Veiga, Eva Fernández, Toni Salgado, Ricardo de Barreiro, Berta Ojea, Jorge Bosch, Santi Prego, Paula Morado, Adrián Ríos, Iria Sobrado, Tito Asorey, Mabel Rivera, Víctor Mosqueira, Nacho Castaño, Lara Boedo.

Xénero: *Thriller*.

Unha serie orixinal de Movistar Plus+ en colaboración con Portocabo.

Vai de: Amparo Seoane, a alcaldesa de Cedeira e a muller con máis poder da volta, aparece asasinada. Resolver o caso convértese nunha obsesión para Maite, sarxento da Garda Civil, e para Tomás, a única testemuña do crime. Para Maite, polo seu traballo, atopar o asasino é unha obriga; para Tomás, un home frustrado, profesor de Literatura no instituto local, a oportunidade –posiblemente a última– de vivir –e tal vez poder contar– unha historia coma as que lle apaixona ler. A investigación involucrará a todo o pobo. Todos, dun xeito ou doutro, estaban relacionados con Amparo. Todos tiñan algo que gañar, ou perder, coa súa morte.

O detalle: *Rapa* é unha serie dos creadores e do equipo da exitosa *Hierro*.

COLOQUIO | 21.30 h.

Ao rematar a proxección haberá un coloquio coa presenza dos creadores e guionistas da serie, Pepe Coira e Fran Araújo; o produtor executivo, Alfonso Blanco; e os actores Mónica López, Lucía Veiga, Eva Fernández, Ricardo de Barreiro e Mabel Rivera.



Malencolía LONGAMETRAXES

Martes 17 | 17.30 h. | Centro Cultural Municipal do Porriño | Capacidade: 250 persoas.
Coa presenza de Alfonso Zarauza.

2021 | 70' | España | Galego


Dirección e Guión: Alfonso Zarauza **Produción:** Alfonso Zarauza, María Yáñez e Xavi Font **Fotografía:** Alberte Branco **Montaxe:** Fernando Alfonsín **Son:** Javi Pato **Música:** Xabier Bértolo **Reparto:** Melania Cruz, Xulio Abonjo, Iolanda Muíños, Diego Anido, Leticia Sola, Marta Lado, Xosé A. Touriñán, Deborah Vukusic, Tito Asorey, Ricardo de Barreiro **Xénero:** Ficción.

Vai de: Sira e Pepe son unha parella que, fartos da vida en precario e do frenesí da cidade de Berlín, deciden volver a Galicia tras moitos anos emigrados na Alemaña. Atopan por internet unha casíña na aldea abandonada de Lupián, provincia de Ourense, e deciden deixalo todo para iniciar unha nova vida alí. Chegados a aldea, descubren con sorpresa que na única casa habitada vive unha peculiar señora chamada Isolina.

O detalle: A actriz Iolanda Muíños e o actor Diego Anido gañaron os premio Mestre Mateo á mellor interpretación de reparto feminina e masculina, respectivamente.

Un blues para Teherán LONGAMETRAXES

Xoves 19 | 17.30 h. | Centro Cultural Municipal do Porriño
Capacidade: 250 persoas
Coloquio con Javier Tolentino.



2020 | 79' | España | Castelán

Dirección: Javier Tolentino **Produción:** Alejandra Mora e Luís Miñarro **Guión:** Javier Tolentino e Doriam Alonso **Fotografía:** Juan López **Montaxe:** Sergi Díez **Son:** Verónica Font **Música:** Tere Núñez e Walter Geromet **Xénero:** Docudrama musical.

Vai de: Diferentes rostros móstrannos un Irán onde tradición e modernidade conviven en confrontación. Erfan Shafei convídanos a descubrir un país tan misterioso como culto a través da música e as súas xentes. El é un mozo kurdo, divertido e irónico, que quere converterse en director de cine. Canta, escribe poesía, vive cos seus país e o seu loro, pero non sabe nada do amor.

O detalle: Co seu debut na realización, o xornalista Javier Tolentino percorreu festivais de medio mundo e foi finalista dos Premios Goya ao mellor documental.

LONGAMETRAXES **Valentina**

Sábado 21 | 10.30 h. | Baixo de Carlos | Capacidade: 75 persoas.
Coloquio con Chelo Loureiro.

2021 | 70' | España | Galego

Dirección: Chelo Loureiro **Produtoras:** Abano Producións, Andaruxa, El Gatoverde Producións **Guión:** Lúa Testa e Chelo Loureiro **Música:** Nani García **Cantantes:** María Manuela, Andrés Suárez, Coke Couto & Uxía **Xénero:** Animación

Vai de: Valentina é unha nena con síndrome de Down que soña con ser trapecista de circo. Os soños ás veces son un camiño para superarse, transformarse e acadar os obxectivos.

O detalle: Premio Goya á mellor película de animación, e gañador do prestixioso Premio Círculo de Escritores Cinematográficos ao mellor filme de animación.



37

CURTAMETRAXES **Miedo al miedo**


Sábado 21 | 16 h. | Baixo de Carlos. Capacidade: 75 persoas.
Coa presenza de Eme Dj, protagonista da curta, e Menchu Esteban, directora.

2021 | 17' | España | Castelán

Dirección, guión e montaxe: Menchu Esteban **Producción:** Jaime Llamas, Menchu Esteban **Fotografía:** Javier de Usabel **Son:** Miguel Salas, Jorge Albargués **Música:** David Van Bylen **Intérpretes:** Eme DJ **Xénero:** Documental.

Vai de: Erguerse cada mañá é unha batalla para Eme DJ: o espertar dos seus demos, os mesmos que lle murmuran que non o está a facer ben dabondo, porque semella que amar a música non é suficiente.

O detalle: En 2019, durante o MTV Day de Sevilla, Menchu Esteban comezou a rodaxe desta curta, estreada tres anos despois, no Festival de Cine desa cidade.





ENCONTROS

Foco Internacional



João Nicolau

14, 15, 16 de maio. Retrospectiva: Longametraxes A ESPADA E A ROSA, JHON FROM E TECHNOBOSS.
Centro Cultural do Porriño.

- Con presenza do realizador portugués vía streaming na proxección da primeira longa.

Venres, 20 de maio. Retrospectiva: Curtas.
Baixo de Bugarín. 17.30 h. Capacidade: 150 persoas.

- Coa presenza do director, João Nicolau, que fará unha introdución das curtas que se van proxectar.

O luso João Nicolau (Lisboa, 1975) é un dos realizadores máis interesantes do novo cinema portugués. Estudou Antropoloxía. Ademais de compoñer música e actuar, realizou o documental *Calado não Dá* no 1999 e traballou na montaxe cinematográfica, colaborando en filmes de João César Monteiro, Margarida Gil e Miguel Gomes.

Rapace, estreado no Festival de Cannes do 2006, é a súa primeira curtametraxe de ficción e foi galardoada co Premio ao mellor filme no Festival Internacional de Curtas-Metragens de Vila do Conde. Realizou, deseguido, a curtametraxe *Canção de Amor e Saúde*, participando de novo na Quincena de Realizadores en Cannes.

No 2010, finalizou a súa primeira longametraxe, *A Espada e a Rosa*, exhibida no Festival de Venecia, á que seguirían a curtametraxe *Gambozinos* (2013) e a película *John From* (2015) estreada na Mostra de Cinema de S. Paulo. *Technoboss* é a súa última cinta, unha comedia surrealista pouco convencional estreada no 2019 no Festival de Locarno.

RETROSPECTIVA LONGAMETRAXES

Centro Cultural do Porriño

Xoves, 12 de maio, ás 20 horas

A ESPADA E A ROSA

2010 | 142' | Portugués | Subtítulos en español

Coa presenza de João Nicolau vía streaming.

Dirección: João Nicolau **Guión:** João Nicolau, Mariana Ricardo **Fotografía:** Mário Castanheira **Reparto:** Manuel Mesquita, Luis Lima Barreto, Nuno Pino Custódio, Pedro Faro, Joana Cunha Ferreira, Hugo Leitão, Ligia Soares, Alice Contreiras, Tiago Fagulha, Crista Alfaiate, Caroline Deruas-Garrel, Julie Duclos, João Lobo, Justin Taurand, Helena Carneiro **Coprodución** Portugal-Francia. O Som e a Fúria, Shellac Sud.

Vai de: Manuel sae da súa casa acosado por débedas impositivas -analizadas nun divertido duelo musical co cobrador- e decidido a comer o mundo. Así chega a un grupo de descastados que viven nun barco e que planean dedicarse á piratería. Claro que estamos no século XXI e a abordaxe será sideral.

Venres, 13 de maio, ás 21.00 horas

JOHN FROM

2015 | 100' | Portugués | Subtítulos en español

Dirección: João Nicolau **Guión:** João Nicolau **Reparto:** Júlia Palha, Clara Riedenstein, Filipe Vargas, Leonor Silveira, Adriano Luz, Leonor Silveira, João Xavier, Daniel Cotrim **Montaxe:** Alessandro Comodin, João Nicolau **Dirección de arte:** Andresa Soares **Son:** João Paulo Santos **Música:** João Lobo **Fotografía:** Mário Castanheira **Produtora:** O Som e a Fúria.

Vai de: Rita pasa os longos días de verán coa súa amiga e veciña Sara, con quen se deixa mensaxes no oco do ascensor. A súa mente empeza a vagar por mares afastados cando ve unha exposición sobre Melanesia, e descobre que ese esplendor foi retratado polo novo veciño que acaba de se mudar ao edificio. Ese será o seu novo amor, e a influencia del cubrirá a súa vida co exotismo de Gauguin nun halo sobrenatural.


Sábado, 14 de maio, ás 12.00 horas

TECHNOBOSS

2019 | 113' | Portugués | Subtítulos en español

Dirección: João Nicolau **Guión:** João Nicolau, Mariana Ricardo **Reparto:** Luísa Cruz, Miguel Lobo Antunes, Américo Silva, Duarte Guimarães, Matias Neves, Tiago Garrinhas, Sandra Faleiro, Ana Tang, Jorge Andrade, José Raposo, Mick Greer, Bruno Lourenço **Montaxe:** Alessandro Comodin e João Nicolau **Dirección de arte:** Artur Pinheiro **Son:** Miguel Martins **Música:** Pedro da Silva Martins, Norberto Lobo, Luís José Martins **Fotografía:** Mário Castanheira **Produtora:** O Som e a Fúria.

Vai de: Luís Rovisco, divorciado e entrado nos sesenta, vive co seu gato Napoleón e traballa como director comercial nunha empresa de seguridade. Mentras agarda a soñada xubilación, podémolo atopar case sempre ao volante do seu automóbil, cantando letras inventadas para superar as inxustizas da vida e os problemas que a tecnoloxía, os seus compañeiros de traballo e un xefe misteriosamente ausente seguen a poñer no seu camiño. Non hai mal que unha canción non poida corrixir. Pero estas cancións cambiarán inesperadamente de rexistro cando coñeza a Lucinda, a recepcionista do hotel onde está a traballar. Un conxunto de situacións imposíbeis que Luís supera co seu particular sentido do humor han ser o marco para a súa última oportunidade de atopar o amor.



RETROSPECTIVA CURTAMETRAXES

RAPACE

2006 | 23' | Portugal | Português | Subtítulos en español

Dirección e guión: João Nicolau **Produción:** Sandro Aguilar, Luis Urbano **Produtora:** O Son e a Fúria **Montaxe:** João Nicolau, Miguel Gomes **Fotografía:** Mário Castanheira **Son:** München **Xénero:** Ficción, comedia **Reparto:** Hugo Leitão, Lia Ferreira, Manuel Mesquita, Márcia Breia **Vai de:** Unha comedia xeracional feliz, xogadora e irónica, cun antiheroe en pixamas verdes, vagamente godardiano, que exercita o seu diletantismo molestando á criada, lendo libros de autores descoñecidos e componendo a letra dun rap sobre o seu barrio.

CANÇÃO DE AMOR E SAÚDE

2009 | 34' | Portugal e Francia | Português e francés | Subtítulos en español

Dirección e guión: João Nicolau **Produción:** Luis Urbano, Sandro Aguilar, Justin Taurand **Produtora:** O Son e a Fúria, Les Films du Bélier **Montaxe:** João Nicolau, Francisco Moreira **Fotografía:** Mário Castanheira **Son:** Ricardo Leal **Xénero:** Ficción, comedia **Reparto:** Norberto Lobo, Marta Sena, Ana Francisca, Helena Carneiro, Andreia Bertini, Miguel Gomes **Vai de:** João traballa nunha galería comercial subterránea deserta. O seu comercio, Chaves Morais, no que copia chaves, pronto recibirá unha máxica visita: Marta de la Colline, unha estudante de arte que precisa un duplicado dunha chave moi particular.

O DOM DAS LÁGRIMAS

2012 | 27' | Portugal | Português | Subtítulos en español

Dirección: João Nicolau **Produción:** Luis Urbano, Sandro Aguilar **Produtora:** Fundação Cidade de Guimarães **Guión:** João Nicolau, Mariana Ricardo **Montaxe:** João Nicolau, Francisco Moreira **Fotografía:** Mário Castanheira **Son:** Vasco Pimentel **Música:** Munchen **Xénero:** Ficción **Reparto:** Ana Sofia Ribeiro, Filipe Mesquita, Sandra Marcos, Nuno Rodrigues, Frederico NS, Lúgia Soares, Helena Carneiro **Vai de:** Un cazador atopa unha princesa que chora moito.

GAMBOZINOS

2013 | 18' | Francia e Portugal | Português | Subtítulos en español

Dirección e guión: João Nicolau **Produción:** Luis Urbano, Sandro Aguilar **Montaxe:** João Nicolau, Telmo Churro **Fotografía:** Mário Castanheira **Son:** Vasco Pimentel **Música:** Mariana Ricardo, Eels **Xénero:** Ficción, fantástico **Reparto:** Tomás Franco, Paulo Duarte Ribeiro, Pedro Leitão, Isabel Portugal, Ana Sofia Ribeiro **Vai de:** Un neno de dez anos enfróntase ás dificultades da vida nun campamento de verán. Non é fácil que te ignore a rapaza que che gusta, enfadada ao ver o seu dormitorio revolto por uns falcatrueiros. Afortunadamente, no bosque, os *haggis* salvaxes insisten en manterse fóra de vista.

ENCONTROS

Sinais furtivos. Pezas curtas de Margarita Ledo

Antes de comezar a súa carreira como directora, moitas destas pezas servíronlle a Ledo de ensaio para explorar a linguaxe cinematográfica e buscar diferentes camiños narrativos. Son filmes – algúns, inéditos– que estaban espaxados en varios arquivos e que funcionan a modo de traxectoria vital da cineasta.

Xoves 19 | 16.30 h. | Centro Recreativo Cultural | Capacidade: 250 persoas

ILLA

2008 | 2'56" | Galego

Vai de: O exilio e a memoria da perda. O corpo como ausencia. Resta o berro.

BUCLE

2017 | 5' | Galego

Vai de: Sobre mulleres herdeiras da Guerra Civil. Do silencio á acción, nunha paisaxe onde cada doa resoa nas outras.

NIMBOS, NOITE NO MUNDO

2014 | 4'10" | Galego

Vai de: Un poema amoroso e os ecos do Díaz Castro tradutor, do rigor formal, do vento.

GROENLANDIA

2019 | 3'13" | Galego

Vai de: O cambio climático e o feminicidio como cicatriz no pensamento.

PAROLAR CUN EU

2022 | 18' | Galego

Dirección e montaxe: Xixela Franco. **Con:** Margarita Ledo **Fotografía:** Diego Romero Suárez-Llanos

Vai de: Unha muller desprázase por unha cidade, Vigo. Busca un sinal que a leve á fábrica de cerámica Álvarez. Pasos perdidos sobre entullos e, á súa vez, unha experiencia infestada de interrogantes, do paso do tempo, dos distintos estados da desaparición que conducen á morte pero que, de xeito paradóxico, aparecen como memoria viva dunha ruptura traumática.

CINE MARINO

2013 | 8'14" | Galego

Vai de: Pequena homenaxe ao cinema vilego cos seus espazos, obxectos, querenzas.

Venres 20 | 19 h. | Baixo de Bugarín | Capacidade: 75 persoas

Coa presenza de Margarita Ledo.

A AUGA BRANCA

2019 | 5' | Galego

Vai de: Percorrido na procura de sinais á volta da Fonte da Esperanza, dos latexos dun lugar que leva o nome de Santa Mariña do Monte e dunha voz que regresa.

LAVACOLLA, 1939

2005 | 5'19" | Galego

Vai de: Aquel tempo no que a construción do aeroporto foi un campo de traballos forzados.

PARA LÍSTER 2

2007 | 15' | Galego

Vai de: Fragmentos do século XX a través do neno canteiro que chega a xeneral de tres exércitos.

CIENFUEGOS

2008 | 16' | Galego

Vai de: Dupla viaxe, a que realiza a cineasta cubana Belkis ao lugar onde naceu miña nai e o devalo de min propia polos vestixios cubanos que rodearon a mamá.

Daniel Monzón

Sábado 21 | 12 h. | Espazo Estrella
Galicia da Leira do Río
Capacidade: 250 persoas sentadas



Antes de poñerse detrás da cámara, Daniel Monzón (Palma de Mallorca, 1968), traballou como xornalista e crítico cinematográfico para prensa e radio e tamén foi subdirector do programa *Días de cine*, de Televisión Española.

Debutou como guionista con Gerardo Herrero, quen o chamou para escribir, canda a Santiago Tabernero, a película *Desvío al paraíso* (1994). No ano 2000 dirixiu a súa primeira longametraxe, *El corazón del guerrero*, nominado aos Goya na categoría de director novel. Seguíronlle *El robo más grande jamás contado* (2002) e *La caja Kovak* (2007), Premio do Público no Festival de Cine Fantástico de Lund (Suecia). No 2009 estreou *Celda 211*, unha historia carcelaria rodada no antigo penal de Zamora, na que contou con actores galegos como Luis Tosar e Luis Zahera, e coa que levou, entre outros moitos galardóns, os Goya ao mellor director e ao mellor guión adaptado.

Con *El niño* (2015) Monzón coouse de novo entre os nominados aos premios da Academia española de cine. Vén de repetir éxito, e dos grandes, con *Las Leyes de la frontera* (2021), puro cine *quinqui* no que traslada á pantalla a novela homónima de Javier Cercas e cinta que lle valeu ao realizador outro Goya ao mellor guión adaptado, e ao galego Chechu Salgado, o Goya ao actor revelación.

ENCONTROS

Coloquios AISGE




De María Casares a nós

Mércores 18 | 11.30 h. | Baixo de Carlos
Capacidade: 75 persoas

María Casares é un referente do teatro europeo do século XX, unha muller adiantada a súa época. Cal é a influencia desta artista nas actrices contemporáneas? Falaremos coas intérpretes Lidia Veiga, Mariana Carballal, Sabela Hermida e Melania Cruz. Actualmente, Melania ensaia *Continente María*, un diálogo escénico con María Casares.

100 anos da nosa máis grande actriz: María Casares



Xoves 19 | 12 h. | Baixo de Carlos
Capacidade: 75 persoas.

Coloquio dedicado á figura de María Casares, da que este ano se cumpre o centenario do seu nacemento. Casares (A Coruña, 1922-Charente, Francia 1996) é, con seguridade, a máis grande actriz nacida en Galicia. Afondamos na súa figura, especialmente na súa relación co cinema, e na súa traxectoria en Francia. Para iso contaremos coa presenza da actriz e estudosa de María Casares, **Sabela Hermida**, e do escritor e editor **Miguel Anxo Fernán-Vello**.

E despois do Goya, que?



Venres 20 | 11.30 h. | Baixo de Carlos
Capacidade: 75 persoas

Tamar Novas e **Chechu Salgado** teñen un nexo común. Os dous gañaron o Goya ó actor revelación. O primeiro en 2005 por *Mar Adentro* de Alejandro Amenábar, e o segundo en 2022 por *Las Leyes de la frontera*, de Daniel Monzón. Este será o punto de partida do coloquio: ¿Que cambia despois de ter recibido un Goya como actor revelación?, ¿Como pode afectar á carreira dun actor? Unha testemuña de primeira man con dous dos actores do momento.

ENCONTROS **Café con CREA**

Asociación de directores e realizadores de Galicia

Coloquio con João Nicolau, coa presenza de Fon Cortizo e Noemí Chantada de CREA.

**Venres 20 | 10 h. | Baixo de Carlos
Capacidade: 75 persoas**

O Festival de Cans e o grupo Dromedario convidan a un café e acollen un novo encontro en colaboración con CREA, a Asociación Galega de Profesionais da Dirección e da Realización. Nesta edición acompañaranos o director, montador, músico e actor lisboeta **João Nicolau**, a quen lle dedicamos a retrospectiva internacional.

Gozaremos da conversa de João coa realizadora viguesa **Noemí Chantada**, gañadora con *Xoves de Comadres* da edición de hai dous anos do festival de Cans; máis o documentalista **Fon Cortizo**, de quen tivemos ocasión de coñecer o seu film *9 Fugas* neste mesmo festival.

44



ENCONTROS

Mesas: distribución e subtítulados

Onde imos proxectar as nosas películas?

Xoves 19 | 10.30 h. | Baixo de Carlos

Capacidade: 75 persoas



Con Ignacio Vilar, María Yáñez e Pablo Baños.

A experiencia na distribución de dous filmes independentes galegos recentes —*María Solinha*, de Ignacio Vilar, e *Malencolía*, de Alfonso Zarauza— servirá como punto de partida para este coloquio. Ambas cintas exploran formas de promoción fóra das convencionais: proxeccións en pequenas salas ou en Concellos, buscando un público alternativo. A exhibición de películas xa non é o que era, os públicos cambiaron e o modelo está en transformación, pero está esgotado este modelo? Cales son as novas vías de distribución? Como se presenta despois de dous anos de pandemia?

Falaremos con **Ignacio Vilar**, cineasta e pioneiro en fórmulas de éxito na distribución das súas cintas; **María Yáñez**, xornalista cultural, exploradora valente de fórmulas de distribución cinematográfica alternativa; e **Pablo Baños**, terceira xeración de Baños Filmes, empresa histórica da distribución de películas en Galicia.

Masterclass sobre subtítulado e accesibilidade

Mércores 18 | 13 h. | Baixo de Carlos

Capacidade: 75 persoas

Con Pablo Romero-Fresco e Alfonso Zarauza.

A metodoloxía que está desenvolvendo o realizador e profesor Pablo Romero-Fresco sobre os procesos de subtítulado é unha das maiores achegas en investigación na industria audiovisual galega dos últimos anos. Pablo considera que os subtítulos se deben concibir desde a orixe da obra, nun traballo conxunto con directores e guionistas, sobre todo nunha lingua minorizada como é o galego. Nesta ocasión estará acompañado en Cans polo director, produtor e guionista Alfonso Zarauza. Ambos ofrecerán unha clase maxistral na que falarán dos procesos de subtítulado desde dúas vías: a da súa importancia para que o público con dificultades de visión e audición poida comprender os filmes, e a da oportunidade de proxección das linguas minorizadas a partir dun subtítulado correcto.

Lendo Cine

Xoves 19 | 18 h. | Parque do Cristo
Mercado de libros de cine de 16 a 21 h.

LendoCine é un espazo no que se dan a coñecer libros de actualidade que teñen o cinema como protagonista ou como escenario, ofrecendo así unha panorámica do que se está a editar dentro e fóra de Galicia. Trátase de achegar estas obras ao público a través dos seus autores. Este ano tamén inauguramos o Mercado de libros, un novo espazo para adquirir os títulos máis curiosos sobre cine.

LIBROS



Cuestión de carácter. Hacia una reflexión del lenguaje en la crítica cinematográfica (Filmoteca canaria, 2022), de Javier Tolentino. O libro agroma coma un pensamento calmado. É unha reflexión en voz alta do que desesperadamente berran cidadáns, artistas e algúns xornalistas. Como chegamos a esta situación? Preguntarse polos obxectivos da crítica cinematográfica, reparar na linguaxe, nos formatos, nos soportes e lembrar os principios éticos e estéticos sobre os que se asenta é a intención serena desta proposta.

Pantallas de lo maravilloso (Shangrila Ediciones, 2021), de Luis E. Froiz . O investigador Luis E. Froiz Casal achéganos ao cinema surrealista centroeuropeo (1945-1990) realizado durante a etapa comunista en Polonia, a antiga Checoslovaquia, Hungría e as repúblicas iugoslavas de Croacia e Eslovenia. Mediante a análise de máis de 180 títulos e a revisión pormenorizada de filmografías de autores como Jan Švankmajer, Wojciech Has ou Jan Němec, Froiz procura atopar nexos entre as súas obras coa intención de reivindicar un cinema apenas estudado.

María Casares frente ao Espello (Edicións Xerais, 2022), de Sabela Hermida. A autora pretende recoller o legado filosófico e artístico de María Casares, quen se converteu en referente e icona das vangardas da época así coma da intelectualidade republicana e galeguista exiliada en América do Sur. Sabela fai unha retrospectiva detallada da evolución artística, da carreira teatral e da concepción da arte dramática e do método interpretativo da artista, influída en gran medida pola corrente filosófica existencialista.

Aura 1964 (Editorial Galaxia, 2021), de Ignacio Villar. Con este título Galaxia inaugurou no seu catálogo a colección 'Guión', na que aposta pola publicación de textos escritos para o cinema. *Aura 1964* é o novo proxecto do director de *A esmorga*, Ignacio Vilar, quen agora pon o foco —a través dos ollos e vivencias de Siro, o neno protagonista— na memoria histórica e nunha realidade marcada polo adoutramento, a mentira e a aldraxe da dignidade en nome de Deus e da patria fascista.

O meu sangue (Editorial Galaxia, 2022), de Diego Giráldez. Nos libros do porriñés Diego Giráldez sempre está presente o cinema; non só filmes que se citan, senón tamén escenas de inspiración cinematográfica. Na súa última novela, o autor recorre a unha parodia do xénero negro que ben se podería levar á pantalla grande. O protagonista inspírase no famoso filme *Arsénico por compaixón*, de Frank Capra, para escribir a súa propia novela.

María Casares, mi patria es el teatro (Editorial Trifolium, 2022). Unha recompilación de textos arredor da figura da actriz galega María Casares, publicado con motivo do centenario do seu nacemento. Con textos, entre outros, de César Antonio Molina, Ramón Chao ou Miguel Anxo Fernán-Vello, quen nos acompañará para presentar esta obra.

Actividades paralelas

A que andas?

Venres 20 | 13.30 h. |
Baixo de Carlos
Capacidade: 75 persoas.

Coa presenza de **Rafa de los Arcos, Noelia Muíño, Samuel Lema, Olga Osorio, Miguel Ángel Delgado e Javier Tolentino**

“A que andas?” é unha pregunta moi galega e ao mesmo tempo que se fai moito dentro do audiovisual para saber que andan a argallar os cineastas e en que punto están os proxectos que se cocen. De aí nace esta proposta nosa, que pretende poñer en valor os guións, a palabra escrita e, ao mesmo tempo, que se empece a falar dos filmes que se rodarán en pouco tempo. Unha sección en colaboración coa Asociación Sindical Galega de Guionistas (AGAG).

O PESADELO DAS VACAS

Dirección e guión: Rafa de los Arcos **Producida por:** Matriuska Filmes **Vai de:** Hai xa tempo que Celia sospeita que herdou a enfermidade dixestiva do pai, Roi. Os dous levan enriba constantemente unha inmensa dor. Unha noite, todo o pequeno turbulento mundo de Celia queda arrasado, cando Roi asasina á súa muller e suicidase diante dela. Sen ser quen de dixerir o acontecido, Celia queda soa nunha defensa desquiciada da memoria dun home que foi pai amoroso e asasino. Entre tanto odio xurde entón en Celia unha dúbida...e se tivera herdado dun asasino algo máis ca unha enfermidade dixestiva? **Estado:** En desenvolvemento.

VIAJE AL BOSQUE OLVIDADO

Dirección e guión: Noelia Muíño **Vai de:** Paula é unha nena que vive nun pobo de Galicia nos anos 90 e que cuida do seu irmán Pablo, con síndrome de Down. Un día, un estraño ancián chamado Tobolcaín regálalle un amuleto a Paula que atrasporta ao Bosque Esquecido, onde habitan criaturas máxicas. Porén, o irmán aparece tamén no bosque, frustrando a súa fuxida. Guiada polo rapaz lobo Bobbi, Paula axudaralle a salvar as criaturas máxicas da inminente desaparición, ao tempo que intenta atopar o seu lugar no mundo. **Estado:** En desenvolvemento.

UN PASADO POR DELANTE

Dirección: Olga Osorio. **Guión:** Olga Osorio e Araceli Gonda. **Vai de:** A idea de guión parte de *Einstein-Rosen* a multipremiada curtametraxe da autora que tamén triunfou no Festival de Cans. Este será o debú na longametraxe de Olga Osorio. O filme será producido por Vaca Films e os seus dereitos xa foron mercados por TVE. **Estado:** En fase de preproducción, con rodaxe prevista despois do verán.

LÍA

Dirección e guión: Samuel Lema **Producida por:** Matriuska Filmes **Vai de:** O drama dunha rapaza *skater*, amante do *manga* e sometida a acoso. Un filme “metade drama, metade road-movie”, segundo o realizador **Estado:** Versión avanzada de guión.

SAN SIMÓN

Dirección e guión: Miguel Ángel Delgado **Producida por:** Miramemira e Morelli Producciones **Vai de:** A historia desta illa da Ría de Vigo, clave na lírica galego-portuguesa, mais tamén cunha historia negra como campo de concentración e de prisioneiros durante a Guerra Civil. **Estado:** O filme rodarase nos próximos meses tras ser adiado por mor da pandemia.

MAR ROJO

Dirección e guión: Javier Tolentino **Producción:** Paloma Zapata **Producida por:** La Fábrica Naranja **Vai de:** Javier Tolentino propón unha viaxe poética e transatlántica desde unha Cataluña aberta e dialogante ata o outro lado do Atlántico, a través dos versos de Marina Rossell. A película comeza cos inicios da composición dunha nova canción de Rossell e remata cando a presenta no Liceu de Barcelona, dirixíndose ao público. Durante a viaxe, visitamos o París da alcaldesa Anne Hidalgo, nun diálogo con outra alcaldesa, Ada Colau, e ao México máis auténtico de Guanajuato. **Estado:** Buscando alianzas e coprodutores, en especial en México, onde xa ten o apoio das autoridades de Guanajuato.

Actividades Paralelas

FILLAS E FILLOS DE CANS

Venres 20 | 16 h. | Baixo de Carlos | Capacidade: 75 persoas

É unha das seccións que máis adora o público fiel de Cans e un dos grandes escaparates do talento dos realizadores e realizadoras que presentaron os seus primeiros traballos nos nosos galpóns. Poderemos ver no Baixo de Carlos algúns minutos de películas aínda sen rematar, antes de empece a súa andaina por festivais e salas.

Acompañarannos Andrea Vázquez, de Miramemira, para falar de *Sica*; Álvaro Gago, Alberto Gracia, Fernando Cortizo e João Nicolau. Tamén conectaremos por videoconferencia con Ángeles Huerta e contaremos cun dos intérpretes do seu filme *Corpo aberto*, Federico Pérez.

SICA

Dirección e guión: Carla Subirana **Xénero:** Drama **Vai de:** Sica é filla dun mariñeiro que desaparece nun naufraxio e espera a que o mar devolva o corpo do pai. Mentres, o único apoio que ten é un mozo da volta ao que alcuman O Cazatormentas, pois está obsesionado coa chegada dun ciclón. Sica descubrirá que o pai e a comunidade onde vive non son o que aparentan. **Estado:** En fase de posprodución.

MATRIA

Dirección e guión: Álvaro Gago **Xénero:** Drama **Vai de:** Ramona é empregada dunha fábrica de mariscos conxelados e ás veces descarga mexillóns no porto para completar o seu curto salario. Vive co mozo, que traballa no mar e bebe a miúdo no bar, e ten unha filla de 21 anos, froito dun matrimonio anterior, coa que rifa con frecuencia. Cando a dirección da empresa decide baixarlle o soldo, Ramona rebélase e acaba despedida. Comeza daquela a traballar na casa dun home de poucas palabras, que a miúdo a menospreza; pero esa actitude cambia cando Ramona lle axuda a pasar as probas de renovación do carné de conducir. **Estado:** En fase de posprodución.

JOHN IN CHRIST

Dirección e guión: João Nicolau **Xénero:** Documental **Vai de:** No sueste da illa de Tanna (Vanuatu), o culto a John Frum e á sincrética Unity of John in Christ conviven coas máis variadas correntes do cristianismo evanxélico (Iglesia Adventista do Sétimo Día, Asemblea de Deus, Igrexa Metodista). Mirando e escoitando as liturxias destes grupos a través do prisma transversal da interpretación musical, esta película pretende observar como as distintas tendencias relixiosas se implantan, difunden e asimilan na vida cotiá dos seus fieis. **Estado:** En fase de posprodución.

CORPO ABERTO

Dirección: Ángeles Huerta **Guión:** Baseado nun relato de Xosé Luís Méndez Ferrín **Xénero:** Terror-folk **Vai de:** Despois do seu exitoso documental "Esquece Monelos", a cineasta debuta na longametraxe a partir dun relato de Méndez Ferrín. **Estado:** Rematada, en espera de estrea.

LA PARRA

Dirección e guión: Alberto Gracia **Xénero:** Drama **Vai de:** Damián vive en Madrid nun piso compartido. É un home de mediana idade fracasado e arruinado. Cando recibe a nova da morte do pai, ten que volver á súa cidade natal, Ferrol, onde acabará facendo noite nunha pensión de mala morte, La Parra. Damián, afundido no deixamento, semella que tocou fondo: tras máis de vinte anos, tanto el como a cidade sufriron un grande deterioro. Enfrontarse á realidade lévalle a poñer os pés na terra para tomar as rendas da súa vida: a memoria e a imaxinación son as dúas únicas armas que lle quedan para tratar de reencontrarse consigo mesmo. **Estado:** Fase de montaxe.

SANTA COMPAÑA

Dirección e guión: Fernando Cortizo **Xénero:** Documental **Vai de:** Un suceso traumático levará ao director de cine Fernando Cortizo a realizar unha investigación ao longo da última década na busca de respostas e pistas que aporten luz na milenaria lenda da Santa Compañía. Os resultados e conclusións da súa pescuda cambiarán para sempre a visión do espectador sobre esta sinistra aparición. Unha película documental que navega na delgada liña onde se cruza o real e o irreal. **Estado:** Fase de montaxe.

Actividades Paralelas

CORRESPONDENCIAS

Sábado 21 | 13.30 h. | Baixo de Carlos
Capacidade: 75 persoas



O Festival de Cans inaugurou a pasada edición esta sección con clara vocación internacional e co obxectivo posto en tender pontes entre cineastas españois e latinoamericanos. Como fixo o cine epistolar entre Galicia e América da década de 1950 damos visibilidade a cartas filmadas de ida e volta entre realizadores de diversos países.

Nesta edición proxectaremos a segunda parte da correspondencia fílmica cruzada entre o galego **Eloy Domínguez** e o colombiano **Samuel Moreno**. O ano pasado o público puido ver as primeiras cartas, nas que os autores reflexionan sobre o feito de filmar e de se comunicar a través da cámara. Meses despois, a pandemia e os confinamentos obrigáronnos a pensar a vida doutro xeito; agora, o tempo semella correr de maneira diferente e o illamento fai que ambos cineastas observen a realidade máis próxima e familiar con outros ollos. Presentamos, logo, un avance en exclusiva da segunda serie desas cartas entre Galicia e Colombia, nun ano que mudou para moitos a percepción da vida e resucitou vellas pantasma. A idea é poder concretar as filmacións nunha longametraxe documental, que se presentará nos vindeiros meses nun festival internacional.

Estará con nós no Baixo de Carlos Eloy Domínguez Serén e, por videochamada desde Colombia, tamén Samuel Moreno.



CORRESPONDENCIA COLOMBIA-GALICIA

2021 | 26' | España e Colombia | Castelán

Dirección, cámara e montaxe: Eloy Domínguez e Samuel Moreno Álvarez **Xénero:** Documental **Vai de:** Dous amigos e colegas cineastas manteñen unha correspondencia fílmica transoceánica entre Colombia e Galicia. Durante a presente edición do Festival de Cans poderanse ver dous fragmentos de dúas desas cartas.

• MINICANS GADIS

As actividades infantís son de entrada libre ata completar capacidade.



CADERNO DE CORES E CANCIÓNS de MAGÍN BLANCO

Sábado 21 | 13 h. | Cuberto de Antonio
Capacidade: 60 persoas

Un espectáculo musical patrocinado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. *Caderno de cores e cancións* é un percorrido pola creación musical e literaria das cancións. Partindo do legado dos trobadores e vencellado ás cores, o xogo axudará a descubrir un universo que nos permita comunicarnos xogando con elementos sinxelos como son as melodías, as harmonías e a musicalidade poética das rimas. Acompañará a Magín o músico Pablo Vidal.

A CAIXIÑA DE MISTOS

Proxección de curtametraxes de animación
Sábado 21 | 15.30 h. | Caravana no parque do Río
Capacidade: 20 persoas. Quendas de 20'

Despois de dous anos de pandemia, volve a Cans a maxia da Caixiña de Mistos, un dos espazos con máis éxito entre os pequenos. A clave está en gozar dunha selección de curtametraxes de animación para público infantil no interior dunha vella caravana dos anos sesenta, acondicionada como sala de cinema, á que só se poderá entrar en grupos reducidos. A Caixiña é lugar de fantasía, onde a luz do cinema converterá en realidade moitos dos vosos soños.

MARÍA CASARES, STORYBOARD CONTADO, CON POLO CORREO DO VENTO

Comemoración do centenario do nacemento da actriz María Casares
Sábado 21 | 18 h. | Cuberto de Antonio
Capacidade: 60 persoas

A través de elementos como a narración oral, a música e os debuxos ao vivo, Polo Correo do Vento achegalle aos máis cativos a intensa vida desta artista que se converteu nunha gran estrela internacional, especialmente querida e recoñecida en Francia. Os storyboards son as follas de ruta debuxadas, os esbozos dos filmes, dos que directoras e directores botan man para analizar os planos das súas películas. Outro ano máis, con Polo Correo do Vento —un colectivo especializado en actividades lúdicas que promove a lectura, a creatividade e a comprensión oral en galego— imos aprender de cine, imos aprender de María Casares e imos aprender da vida.



OS CANS DE CANS

Conto musical, con Federico Pérez e o Trío Acivro
Sábado 21 | 20 h. | Cuberto de Pato
Capacidade: 80 persoas

O cuberto de Pato acollerá *Os cans de Cans*, conto musical composto para o noso festival por Nicasio Gradaille, catedrático de Piano, pianista e membro fundador do Taller Atlántico Contemporáneo. A súa estrea mundial foi con nós o ano pasado e tamén ten unha versión en libro ben chula, que tamén presentamos en 2021, na 'Noite dos veciños'. O can amarelo máis famoso do mundo é o protagonista desta divertida historia que, botando man de numerosas referencias cinéfilas, narrará o actor Federico Pérez, a quen acompañará a fermosa música interpretada por un dos favoritos do público cativo de Cans, o Trío Acivro: Luis Soto, frautista da Real Filharmonía de Galicia, e os seus fillos Lucas, violín, e Cecilia, violoncello.

● CANS DO FUTURO

CURTAMETRAXES FINALISTAS DO CONCURSO SENDA DOS FAROS

Mércores 18 | 10.30 h. | Baixo de Bugarín
Capacidade: 75 persoas

Conxuntamente coa Fundación Galicia Sustentable, a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a compañía enerxética EDP, o Festival de Cans puxo en marcha un concurso de curtametraxes que tivesen como tema os faros de Galicia, destinado a estudantes da ESO de toda Galicia. No baixo de Carlos veremos as curtas finalistas, elixidas por un xurado do que tamén formou parte o Festival de Cans e assistiremos á entrega de premios.



PROXECCIÓNS CANS DO FUTURO

As alumnas e alumnos de centros educativos de toda Galicia que visitan o festival, pasarán unha mañá enteira asistindo as proxeccións e terán unha visita guiada pola aldea.

Mércores 18 | 12 h. | Baixo de Bugarín
Xoves 19 | 10.30 e 12 h. | Baixo de Bugarín
Venres 20 | 10.30 e 12 h. | Baixo de Bugarín
Capacidade: 75 persoas.

OBRADOIRO CREATIVO INCLUSIVO INQUEDANZAS

Venres 20 | 17.30 h. | Barrio do Buraco | Capacidade: 15 nenos | Prezo 3 €

Por segunda vez este 2022, o Festival de Cans incorpora á súa programación unha interesante actividade enfocada a nenas e nenos entre 4 e 12 anos de idade, un obradoiro audiovisual inclusivo, no que se busca o traballo en equipo a través da iniciación ao cinema. Nel participan nenas e nenos con capacidades plenas xunto a nenos e nenas con capacidades diversas.



INAUGURACIÓN DA RÚA EFÉMERA MARÍA CASARES

Mércores 18 | 10 h. | Lateral do Torreiro, no camiño que sobe polo barrio dos Eidos.

Descuberta da placa da Rúa María Casares, que permanecerá aberta durante todo festival e se recuperará en cada edición, como este ano a de Chano Piñeiro, na casa de Souto, e a de Pilar Pereira, na casa de Eusebio.



O Festival de Cans celebra o centenario do nacemento da coruñesa María Casares. Actriz referente e personaxe público con gran transcendencia na vida artística, social e intelectual na Francia do século pasado, Cans quere que ocupe o lugar que por xustiza lle corresponde na cultura galega.

Concerto Música de cine da Banda Municipal do Porriño

Mércores 18 | 19 h. | Parque do Cristo

A Banda Municipal do Porriño está formada por 30 músicos que levan no seu amplo repertorio de bandas sonoras, pasodobres, obras sinfónicas e cancións clásicas da música popular galega e tamén da máis actual. Desde 2019 leva a dirección da formación o mestre David Trastoy.

• EMOCIÓNS ENCANS

NOITE DAS HOMENAXES

Venres 20 | 22 h. | Espazo Estrella Galicia da Leira do Río
Capacidade: 1300

Presentará Keka Losada e estreademos o documental de Isaura Docampo *Cans, maioría de idade*, sobre a edición do festival de 2021. Viviremos as entregas do premio de honra Pedigree 2022 a Margarita Ledo, dos Chimpíns de Prata Premio Pepe Puime a Federico Pérez e a Javier Tolentino, e dos galardóns do concurso de videoclips.

Gala entrega de premios
Sábado 21 | 23 h. | Espazo
Estrella Galicia da Leira do Río
Capacidade: 1300

Como cada edición, coñeceremos
aos premiados deste Festival de
Cans 2022. Emoción asegurada.



ESTRELAS NO TORREIRO

Margarita Ledo
Venres 20 | 13.30 h.

Daniel Monzón
Sábado 21 | 13.30 h.



• EMOCIÓNS ENCANS



PROCESIÓNS DE CHIMPIBUSES

Xoves 19 | 20 h. | Saída da Praza Arquitecto Antonio Palacios ata o Círculo Recreativo Cultural.

Venres 20 | 21 h. | Saída desde a rotonda de Adroza ata a o Espazo Estrella Galicia da Leira do Río.

Sábado 21 | 15.30 h. | Saída desde o barrio do Castillo ata o Torreiro.

Un clásico do Festival de Cans son os desfiles de chimpíns. Os veciños da aldea engalanan os vehículos oficiais do certame para pasear os participantes ao ritmo da música d'Os Zoqueiros, o xoves; de Treboada Os Terribles, o venres; e da Banda de Gaitas de Mosende, o sábado.



HOMENAXE AO CAN DE CANS

Mércores 18 | 20.30 h. | Rotonda de Adroza

O Can de Pedra, situado na rotonda de entrada á aldea é un dos grandes símbolos do festival. Aí arranca cada edición coa descuberta do seu traxe. Con que nos sorprenderá este ano?

BREOCÁNS FOLK

Sábado 21 | 16.30 h. | Zona comidas Parque do Río

Sábado 21 | 20.30 h. | No Voulevar

Un grupo de recuperación de músicas tradicionais que mesturan música galega con música balcánica e de tradición mediterránea. Actualmente, Breocáns consta de tres integrantes que presentan unha proposta na que humor e danza están moi presentes así como composicións propias de carácter máis intimista que nos farán viaxar a cada minuto de espectáculo.

COLOCACIÓN DA PLACA DE MARISOL TRONCOSO E ALFONSO GONZÁLEZ

Mércores 18 | 21 h. | Muro dos Chimpíns, na baixada ao río de Cans

Desde 2015, o Muro dos Chimpíns é o espazo de homenaxe a todos os veciños e veciñas que recibiron o Chimpín de Prata 'Premio Pepe Puime', o galardón que o festival concede a aqueles que destacan polo seu fantástico traballo para facer grande o Festival de Cans. Alí están nomes como o do histórico e tan querido condutor de chimpíns, Pepe Puime, xa falecido. Este ano súmanse á lista, moi merecidamente, Marisol Troncoso e Alfonso González.

● CANS PARTICIPA

PROXECTO CANS 303

Mércores 18 | 21.30 h. | Torreiro de Cans
Capacidade: 500 persoas

Cada ano, o Festival pon en marcha o Proxecto Cans 303: a realización dun documental colectivo, coa participación das veciñas e veciños de Cans e coordinado polo cineasta e videoartista Juanma LoDo, que rescate a memoria e provoque a reflexión sobre aspectos poucos coñecidos da historia da nosa aldea.

AS FEIRANTAS DE CANS

2022 | 20' | Galego

Dirección: Juanma LoDo **Participantes:** Ángel Rodríguez, Carlos Rodríguez, Juan López, Fefi Senlle, Roi Vidal e Bea Cabaleiro. **Vai de:** Nas décadas de posguerra, moitas mulleres de Cans adicáronse ó estraperlo e a buscar a vida pasando mercancía desde Portugal a través dos montes de Cans. A partir de mediados do século XX, sobre a década dos 50 e dos 60, moitas destas mulleres e as súas familias -sobre todo as fillas- comezaron a vender nas feiras e a facer da venda ambulante o seu medio de vida.

56



ROTEIRO CINÉFILO LITERARIO CON CARLOS MEIXIDE

Venres 20 | 10.30 h. | Saída do Torreiro de Cans

O escritor Carlos Meixide acompáñanos aos recunchos menos coñecidos da parroquia, onde transcorre *Cans*, a súa popular novela de aventuras para público adolescente; un libro ilustrado pola pintora María Meijide que centra a trama nun grupo de rapaces que acoden a Cans a rodar unha curta durante o festival.

CANSONORO “AS FEIRANTAS”

Roteiro musical con Xurxo Souto.

Sábado 21 | 10 h. | Saída da Rotonda do Can

Como xa é tradición no Festival de Cans, Xurxo Souto, escritor e cantante dos Diplomáticos de Montealto, acompañado polos acordeonistas de AcordeCans, guiará un paseo no que repasará a historia e tradición musical da aldea de Cans.

● CANS PARTICIPA

CINE E GASTRONOMIA CON KIKE PIÑEIRO

Kike Piñeiro, un deses cociñeiros con sentimento e raíces, estará a cargo da cociña para os convidados ao Festival de Cans. Kike é o chef e copropietario do restaurante compostelán A Horta d'Obradoiro, un espazo caracterizado por unha sutil renovación da cociña e o emprego de produtos tradicionais.



BOOKTUBERS E BOOKTRAILERS Final do Concurso “Ollo de vidro”.

Mércores 1. 16.30 h. Baixo de Carlos.

Dentro do marco da iniciativa 'Recomédoche un libro', O Festival de Cans impulsa o concurso 'Ollo de vidro', un proxecto que busca estimular a lectura en galego e a creación audiovisual entre a mocidade. Na gran final deste certame proxectaranse os traballos finalistas: críticas literarias, booktrailers, recomendacións ou outro tipo de pezas audiovisuais máis creativas pensadas para animar a ler. Neste encontro contaremos coa presenza dos concursantes, do xurado avaliador e de representantes das institucións que apoian o proxecto: a Biblioteca Xosé Neira Vilas de Vigo, o IES Castelao, a Escola Oficial de Idiomas de Vigo, a Asociación de Veciños do Calvario, a Biblioteca Pública do Porriño e o IES Pino Manso.



● CANS PARTICIPA

CANS SENIOR

Exposición no Centro de Día de Torneiros, onde máis de cen persoas maiores de dez centros de día de Galicia participan na decoración do Can do festival de Cans, facendo un exercicio da súa memoria cinematográfica. Todos os Cans finalistas expóñense no Centro de Día de Torneiros, desde o Luns, 16 de maio.

CANS DEBUXA

Máis de 300 nenas e nenos de educación infantil dos colexios do Porriño, participan no certame Cans Debuxa, no que traballan con ideas relativas ó cinema é a Igualdade, decorando a silueta do can do festival. Escolleranse 10 finalistas, que estarán expostos, por un lado na rúa peonil do Concello, desde a mañá do venres, 13 de maio. Unha escolma do resto dos debuxos do concurso, expoñeranse nos escaparates do comercio local, coa colaboración de Morea, a asociación de Comerciantes locais. creación audiovisual entre a mocidade. Na gran final deste certame proxectaranse os traballos.

• EXPOSICIÓNS

Arquitectos Creus e Carrasco, *Entre Cans e Venecia*

Inauguración, martes 17 de maio, ás 20 h. | Círculo Recreativo Cultural | Entrada de balde

A nosa boa relación cos arquitectos Juan Creus e Covadonga Carrasco levounos a preparar para esta edición a exposición *Entre Cans e Venecia*, partindo da instalación sobre o Festival de Cans que se expuxo no Pavillón de España do Festival de Venecia entre os meses de setembro e novembro de 2020. E, pois, para nós un gran honra poder exhibir, no lugar onde naceron, estas pezas froito da reflexión sobre a conversión de espazos cotiáns privados (jalpóns) en lugares de acción cultural públicos (cinemas).

CONCURSO PINTAR O CINE CON GALPI

Xoves, 2 de setembro. 15 h..
Praza Arquitecto Antonio
Palacios e rúa peonil.

O festival acollerá por terceira vez, coa colaboración de Galicia de Pinturas (Galpi), este concurso de pintura rápida no que os participantes deberán crear —na Praza do Concello e diante do público— unha obra de inspiración cinematográfica que inclúa a silueta do can do Festival de Cans.



60

CANS VOULEVAR O BICHERO

Venres 3, ás 16.30 h. | Camiño do
cemiterio ao Parque do Río

Desde hai case unha década, o xenial debuxante Luis Davila, O Bichero, dedica na páxina do Faro de Vigo unha viñeta exclusiva ao Festival de Cans. Os jalpóns, os chimpíns, as galiñas ou a chegada de caras coñecidas ao noso festival son protagonistas duns debuxos cos que O Bichero sempre consegue arrincarnos unha gargallada. Esta expo é unha retrospectiva viva que continúa medrando cada ano.

PROXECTO SENTA

Sábado 21. Todo o día.

Diferentes espazos de Cans.

O Proxecto Senta é unha reflexión dos arquitectos CREUSECARRASCO, a través de diversos bancos espallados pola aldea —algúns fixos con moita historia, outros construídos expresamente— para sentar e buscar acougo, vendo á xente pasar desde lugares de descanso, sempre á beira dos camiños, abertos á conversa e á contemplación. Esta contemplación crea un paralelismo co feito de estar sentado nunha sala de cinema, vendo as imaxes pasar.



ANO 1868

BUENA

festival de cans
13 | 21 | MAIO 2022
CANS U PORRANI
XIX EDIÇÃO

festival de cans
13 | 21 | MAIO 2022
CANS U PORRANI
XIX EDIÇÃO

festival de cans
13 | 21 | MAIO 2022
CANS U PORRANI
XIX EDIÇÃO

festival de cans
13 | 21 | MAIO 2022
CANS U PORRANI
XIX EDIÇÃO

festival de cans
13 | 21 | MAIO 2022
CANS U PORRANI
XIX EDIÇÃO



festival[®]
de cans

DOSIER DE PRENSA
Comunicación do Festival de Cans 2022
Valeria Pereiras Reza
comunicacion@festivaldecans.co
659 922 115